



PLAN



de **acción**

municipal para a

reactivación

económica da

Costa da Morte



tido

con

1_INTRODUCCIÓN	4
2_ÁMBITO TERRITORIAL	5
3_ÁMBITO COMPETENCIAL	6
4_DIRECTRICES E METODOLOXÍA	7
5_DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN	9
5_1_Caracterización do territorio	9
5_1_1_Demografía	9
5_1_1_1 Dinámica demográfica	9
5_1_1_2 Estrutura demográfica	11
5_1_1_3 Distribución espacial	13
5_1_2 Mercado de traballo e actividade económica	15
5_1_2_1 Afiliación	15
5_1_2_2 Desemprego	16
5_1_2_3 Sectores económicos e tecido empresarial	19
5_1_2_4 Xacementos de emprego	23
5_1_3 Organización e equipamentos do territorio	24
5_1_3_1 Servizos e equipamentos para o desenvolvemento económico	24
5_1_3_2 Plans zonais e outros apoios ao territorio	25
5_1_4 Medio Físico	25
5_1_5 Renda dispoñible e produto interior bruto	28
5_2 Situación ocasionada pola pandemia do COVID-19	31
5_3 Conclusións	34
6 ASPECTOS LIMITADORES E FACILITADORES	36
6_1 Aspectos limitadores	36
6_2 Aspectos facilitadores	36
7_PLAN DE ACCIÓN	38
7_1 Visión estratéxica	38
7_2 Eixos estratéxicos	40
7_3 Liñas de acción	41
7_3_1 Talento	41

7_3_2 Gobernanza	42
7_3_3 Reactivación da actividade económica e do emprego	43
7_3_4 Consumo e comercio de proximidade	44
7_3_5 Posta en valor do rural	45
7_4 Cadros resumo das liñas de acción	46
7_5 Desenvolvemento detallado de algunhas accións	52
7_6 Demandas a outras administracións	70
8_XESTIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN	71
9_BIBLIOGRAFÍA	73
10_ANEXOS	¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.

1_Introdución

A crise sanitaria desatada polo coronavirus vai máis alá da urxencia de atender ás persoas enfermas e de frear a pandemia. Ten consecuencias nos hábitos de vida, no valor do fogar, no calendario escolar, na forma de traballar e tamén na actividade económica e no emprego. Provocou alteracións na oferta de produtos e servizos e tamén produciu unha contracción da demanda global.

Hai un antes e un despois desta situación e debemos prepararnos para encaixar a nosa sociedade neste novo paradigma. Por iso, desde as áreas de Desenvolvemento Local dos concellos desexamos facer unha pequena análise dos cambios desatados e elaborar un plan con accións para o curto, o medio e o longo prazo destinado a minimizar os efectos negativos da pandemia, a acortar o prazo de recuperación e a consolidar a sustentabilidade social, económica e medioambiental do territorio tendo en conta a súa identidade e aos deferentes grupos de interese que acolle.

Entre os obxectivos deste traballo están os seguintes:

- 1) Coñecer as características socioeconómicas do territorio de referencia.
- 2) Coñecer o impacto da pandemia na sociedade en xeral e na economía en particular.
- 3) Levar a cabo un proceso de participación para as fase de diagnose e de planificación.
- 4) Ofrecer propostas de actuación aos concellos e a outros entes que toman decisións no e sobre o territorio.

2_Ámbito territorial

Este plan de acción idéase para catorce municipios da Costa da Morte, dadas as súas características similares e tamén porque así o decidiron as autoridades locais. Na seguinte táboa, e no mapa, recóllese o ámbito xeográfico do plan:

Provincia	A Coruña
Xeodestino	Costa da Morte
Municipios	<ul style="list-style-type: none">• Comarca de Bergantiños: Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe• Comarca de Terra de Soneira: Camariñas, Vimianzo, Zas• Comarca de Fisterra: Muxía, Dumbría, Cee, Corcubión e Fisterra• Comarca de Xallas: Mazaricos• Comarca de Muros: Carnota



3_Ámbito competencial

O ámbito competencial¹ deste plan é o da Administración Local. As accións que se propoñen poden ser executadas e/ou impulsadas desde os concellos en colaboración con axentes socioeconómicos, coa Deputación Provincial da Coruña e con outras entidades.

As principais competencias dos concellos relacionadas con este plan son:

- Urbanismo. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda. Conservación e rehabilitación da edificación.
- Medio ambiente urbano, abastecemento de auga e xestión de residuos. Limpeza viaria. Protección da salubridade pública. Parques e xardíns.
- Atención a persoas en risco de exclusión social e promoción da igualdade.
- Promoción da actividade turística.
- Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.
- Promoción do deporte e da cultura. Ocupación do tempo libre. Colaboración coa comunicade educativa.
- Promoción da participación da cidadanía no uso das tecnoloxías da información e das comunicacións.
- Execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.
- Participación na formación de activos e desempregados.

Por outra banda, a FEMP² reivindica a recuperación de competencias para poder aproveitar as capacidades da administración local. Así, a súa xunta de portavoces remitiu achegas ao goberno de España nos primeiros días da epidemia coas seguintes reflexións:

“Hai sectores vitais da estrutura económica dos Nossos municipios que hai que recuperar: o pequeno comercio e os sectores de proximidade, as pemes, os autónomos, etc.. E as políticas activas de emprego e de rescate ás persoas son tarefas nas que os concellos poden e queren actuar inmediatamente, aínda que se trate de competencias doutras administracións, porque os concellos, como entidades máis próximas á cidadanía, responden sempre con inmediatez e eficacia”.

1 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das BRL (artigos 25 e ss.) e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (artigos 80 e ss.)

2 “Medidas económicas extraordinarias para paliar los efectos económicos del coronavirus”. FEMP. JUNTA DE PORTAVOCES (02/04/2020)

4_Directrices e metodoloxía

Para a realización desta proposta considéranse as seguintes directrices:

- **Plan realista e realizable.** Téñense en conta as capacidades técnicas e financeiras das entidades impulsoras.
- **Realidade socioeconómica.** Tense en conta a realidade socioeconómica do territorio, as súas características propias, os seus puntos fortes e debilidades.
- **Impacto do COVID-19.** Considérase como incide a crise sanitaria no territorio e as súas consecuencias na actividade económica e no emprego.
- **Intelixencia colectiva.** Búscase a implicación de axentes locais e supralocais, públicos e privados.
- **Recursos locais.** O plan debe adaptarse á capacidade e recursos dos concellos e aos axentes que colaboren na súa implementación.
- **Propostas.** Inclúense no plan as propostas a outros entes ou administracións para os asuntos que non se poidan acometer desde a administración local.
- **Visión a corto, medio e longo prazo.** Téñense en conta as problemáticas socioeconómicas que é necesario acometer no curto prazo, pero tamén se trata de ter unha visión a medio e longo prazo que contribúa á consolidación da actividade económica e do emprego.
- **Efecto psicolóxico.** A incerteza, a vulnerabilidade e todos os sentimentos que a situación desencadea inflúen negativamente no estado de ánimo das persoas, por iso é importante pasar á acción, ofrecer solucións e aproveitar as ganas de volver á normalidade e buscar un futuro máis seguro.
- **Axencias de Desenvolvemento Local.** Tómase como referencia técnica a nivel local ao persoal técnico de Desenvolvemento Local e Promoción Económica dos concellos, contando coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e con Afiprodel.

As fases para a realización deste plan son as seguintes:

Fase 1	Decisión de impulsar a elaboración deste plan, que partiu das alcaldías de Camariñas e Vimianzo.
Fase 2	Delimitación do territorio de actuación, a través da consulta ás alcaldías.
Fase 3	Constitución do Comité Técnico para a elaboración do plan, con persoal dos departamentos de Desenvolvemento Local e unha técnica da Deputación Provincial da Coruña: <ul style="list-style-type: none">• María Jiménez Sánchez. AEDL do Concello de Camariñas• Emilio González Ramos. ADL do Concello de Camariñas• Rosa María Sánchez Martínez TDL do Concello de Vimianzo• Isabel Agra Pose. AEDL do Concello de Zas• José Ramón Esperante Otero. AEDL do Concello de Mazaricos• María Dolores Pena Pena. AEDL do Concello de Carnota• Manuel González Castro. AEDL do Concello de Carnota

	<ul style="list-style-type: none"> Sofía Agrafojo Rey. Técnica de Proxectos na Deputación Provincial da Coruña
Fase 4	Creación e identificación de ferramentas de traballo compartido on line, co apoio da estrutura de Afiprodel (Google, Slack)
Fase 5	Elaboración compartida da estrutura do traballo. Identificación inicial de retos e eixos estratéxicos.
Fase 6	Inicio da elaboración do diagnóstico a partir de informes, estudos e estatísticas. Lanzamento de enquisas: a empresas e a técnicos
Fase 7	Elaboración de informes sobre as enquisas e aproveitamento das conclusións
Fase 8	Identificación de axentes de interese para a elaboración e execución do plan
Fase 9	Presentación do plan a varios axentes individualmente e recollida das súas achegas
Fase 10	Elaboración do documento final
Fase 11	Presentación ás alcaldías para a súa posta en marcha

Para a realización deste traballo recompilamos información de fontes estatísticas oficiais, de estudos sobre a zona, de fontes municipais e doutra bibliografía. Complementamos esta recollida con enquisas (a empresas e técnicos de Desenvolvemento Local) nos 14 concellos e entrevistas a persoas que consideramos expertas.

Dada a situación de confinamento e as limitacións á mobilidade empregamos ferramentas on line e plataformas de traballo compartido como Google Drive e Slack. Para a xestión das enquisas empregamos Google Forms e, desde os concellos, distribuíuse o enlace por correo electrónico, por SMS e por WhatsApp.

A investigación de diagnose dividiuse en dúas partes. Por un lado, trátase de recoller a información máis relevante para a caracterización do territorio, con especial fincapé nos servizos e equipamentos municipais e a identificación dos plans que benefician á zona. E por outra banda, faise unha aproximación ao novo paradigma que ocasiona a pandemia e como inflúe na sociedade en xeral e na economía e o emprego en particular. Remátase este apartado cunhas conclusións que nos permiten identificar os aspectos facilitadores e limitadores á hora de emprender o plan de acción.

Na elaboración do plan de acción pártese da identificación de catro retos e a proposta de cinco eixos estratéxicos coas súas correspondentes liñas de acción. Ademais, engádesse o desenvolvemento de algunhas das accións que se consideran prioritarias dadas as achegas recibidas a través da participación.

Aínda que o plan ten vocación municipal, identifícanse necesidades e solucións que deben ser acometidas por entes diferentes aos concellos. Por iso se engade outro apartado coa relación de propostas que se deben presentar a outras administracións ou axentes que operan no territorio ou deciden sobre el. Destaca sobre todo a cobertura de Internet e as normativas xerais e sectoriais que afectan ao rural.

5_Diagnóstico da situación

5_1_Caracterización do territorio

5_1_1_Demografía

Neste apartado de Demografía estúdase a evolución desde o ano 1981 ata o 2019, a estrutura por sexo e idade e a distribución espacial. Non é un estudo exhaustivo, pero permítenos chegar ás seguintes conclusións, que deben ser tidas en conta á hora de establecer os retos de futuro e as accións do plan:


- Territorio participante neste Plan, constituído por catorce municipios da Costa da Morte, ao que denominaremos abreviadamente CM-14, conta con 64.283 habitantes, que representan no 2019 o 5,74% da Coruña e o 2,38% de Galicia. Este peso provincial e autonómico presenta unha tendencia decrecente.
- A densidade de poboación é de 51 habitantes por km², moi por debaixo da densidade de Galicia (91hab/km²).
- Os concellos de CM-14 non superan os 8.000 habitantes. O 60% ten menos de 5.000. O territorio componse de concellos pequenos nos que salientan Vimianzo e Cee, con máis de 7.000 habitantes.
- Todos os concellos perderon poboación no período analizado (1981-2019). O territorio pasou de 92.898 habitantes en 1981 a 64.283 habitantes en 2019, unha baixada do 30%. Tan só no último trienio (2017-2019) diminuíu en 1.489.
- A poboación dos concellos conta cun 51% de mulleres e un 49% de homes. É unha sociedade feminizada con maior perda nos homes (-799) que nas mulleres (-690), comparando os datos do 2017 cos do 2019. Esta é unha tendencia que se rexistra desde anualidades anteriores.
- É unha poboación envellecida e superenvellecida. O 40% da poboación ten 60 anos ou máis (25.408 persoas), incrementándose a feminización nos grupos de idade máis avanzados. Ademais o 27% deste grupo conta con 80 ou máis anos (6.910 persoas).

5_1_1_1 Dinámica demográfica


Analizamos a dinámica demográfica a partir dos datos do IGE³. Facilitase información sobre a evolución do territorio CM-14 conxuntamente e de cada un dos concellos. Ademais, faise unha análise do último trienio (2017-2019) no que se corrobora que a tendencia no descenso de poboación é actual e tamén se ve o descenso no peso porcentual dentro da provincia e da comunidade autónoma.

³ IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes. Nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón.

- Gráfico coa evolución da poboación do territorio CM-14 entre 1981 e 2019



- Gráfico coa evolución da poboación de cada un dos catorce concellos de CM-14 entre 1981 e 2019



- Táboa cos datos de poboación dos concellos, territorio, provincia e comunidade entre 2017 e 2019


Fonte: IGE	2017	2018	2019
Cabana de Bergantiños	4347	4337	4248
Camariñas	5419	5322	5272
Carnota	4060	4031	3957
Cee	7539	7576	7546
Corcubión	1592	1578	1589
Dumbría	3053	3040	2983

Fisterra	4734	4701	4708
Laxe	3090	3084	3016
Malpica de Bergantiños	5518	5447	5391
Mazaricos	4014	3947	3885
Muxía	4852	4736	4657
Ponteceso	5613	5565	5502
Vimianzo	7270	7138	7057
Zas	4671	4581	4472
	2017	2018	2019
CM-14	65772	65083	64283
Provincia A Coruña	1120294	1119351	1119596
Galicia	2708339	2701743	2699499
	2017	2018	2019
% de CM-14 sobre a provincia	5,87	5,81	5,74
% de CM-14 sobre Galicia	2,43	2,41	2,38

5_1_1_2 Estrutura demográfica

Para achegarnos á estrutura demográfica do territorio analizamos a súa evolución por sexo nos últimos tres anos (2017-2019), estudamos a proporción dos grandes grupos de idade no territorio, comparamos cos datos da provincia e da comunidade e, por último, analizamos máis polo miúdo o grupo dos maiores de 60. Trátase dunha poboación superenvellecida e lixeiramente feminizada (2% de diferenza).

- Gráfica coa distribución da poboación por sexo entre os anos 2017 e 2019 no territorio CM-14




- Cadro coas cifras de poboación referidas ao ano 2019 por grandes grupos de idade nos concellos, o territorio, a provincia e Galicia

	<16	16-64	>64
Galicia	342.494	1.677.221	679.784
A Coruña	144.895	699.337	275.364

CM-14	6003	37879	20401
Cabana de B.	344	2.443	1.461
Camariñas	561	3.141	1.570
Carnota	308	2.129	1.520
Cee	1.003	4.633	1.910
Corcubión	162	1.023	404
Dumbría	232	1.779	972
Fisterra	500	2.991	1.217
Laxe	301	1.796	919
Malpica de B.	385	3.173	1.833
Mazaricos	260	2.216	1.409
Muxía	413	2.721	1.523
Ponteceso	526	3.186	1.790
Vimianzo	656	4.055	2.346
Zas	352	2.593	1.527


- Gráfica que representa a proporción sobre a poboación total dos grandes grupos de idade nos concellos, o territorio, a provincia e a comunidade autónoma



- Táboa que recolle a distribución da poboación maior de 60 anos por grupos de idade no territorio CM-14 no ano 2019

Idades	Total	%
De 60-64	5.007	20
De 65-69	4.738	19
De 70-74	4.906	19
De 75-79	3.847	15
De 80-84	3.341	13
De 85-89	2.286	9
De 90-94	1.000	4
De 95-99	243	1
100 e +	40	0
Total	25.408	100

- Gráfica que recolle a distribución da poboación maior de 60 anos por grupos de idade no territorio CM-14 no ano 2019



5_1_1_3 Distribución espacial

Estúdase a distribución espacial a través da densidade de poboación (habitantes por km²) e tamén a través do ratio habitantes por núcleo. Vemos que os 64.283 habitantes do territorio de referencia se distribúen en 1.263,40 km², nos que se asentan 952

núcleos de poboación que, á súa vez, forman parte de 122 parroquias. Comprobamos que existen grandes diferenzas entre concellos e, así, Corcubión rexistra a maior densidade, con 244,46 hab/km², e Mazaricos a menor, con 20,74hab/km².

Comprobamos que a densidade do territorio, de 50,88 hab/km², está moi por debaixo da provincial (140,82) e da galega (91,28). O mesmo sucede se analizamos o ratio de habitantes por núcleo. Malia isto, existen grandes diferenzas entre municipios, sendo os da costa os que rexistran maior densidade e maior concentración.

	Habitantes	Km ²	Hab/Km ²	Núcleos	Parroquias	Hab/núcleo
Cabana de Bergantiños	4.248	100,20	42,40	145	10	29,30
Camariñas	5.272	51,60	102,17	26	4	202,77
Camota	3.957	70,90	55,81	51	5	77,59
Cee	7.546	57,50	131,23	49	6	154,00
Corcubión	1.589	6,50	244,46	7	2	227,00
Dumbría	2.983	125,20	23,83	72	7	41,43
Fisterra	4.708	29,40	160,14	24	4	196,17
Laxe	3.016	36,80	81,96	39	6	77,33
Malpica de Bergantiños	5.391	61,20	88,09	62	8	86,95
Mazaricos	3.885	187,30	20,74	96	12	40,47
Muxía	4.657	124,20	37,50	102	14	45,66
Ponteceso	5.502	92,00	59,80	73	14	75,37
Vimianzo	7.057	187,30	37,68	108	14	65,34
Zas	4.472	133,30	33,55	98	16	45,63
CM-14	64.283	1.263,40	50,88	952	122	67,52
A Coruña	1.119.596	7.950,40	140,82	10.485	926	106,78
Galicia	2.699.499	29.574,40	91,28	30.212	3.772	89,35

- Táboa co ranking de concellos de CM-14 en función da densidade de poboación (2019)

Concello	Hab / Km ²
Corcubión	244,46
Fisterra	160,14
Cee	131,23
Camariñas	102,17
Malpica de Bergantiños	88,09
Laxe	81,96
Ponteceso	59,80

Carnota	55,81
Cabana de Bergantiños	42,40
Vimianzo	37,68
Muxía	37,50
Zas	33,55
Dumbría	23,83
Mazaricos	20,74

- Táboa co ranking de concellos de CM-14 en función do ratio que mide habitantes por núcleo(2019)

Concello	Hab / Núcleo	Hab / km ²
Corcubión	227,00	244,46
Camariñas	202,77	102,17
Fisterra	196,17	160,14
Cee	154,00	131,23
Malpica de Bergantiños	86,95	88,09
Carnota	77,59	55,81
Laxe	77,33	81,96
Ponteceso	75,37	59,80
Vimianzo	65,34	37,68
Muxía	45,66	37,50
Zas	45,63	33,55
Dumbría	41,43	23,83
Mazaricos	40,47	20,74
Cabana de Bergantiños	29,30	42,40


5_1_2 Mercado de traballo e actividade económica

5_1_2_1 Afiliación

- En marzo de 2020 o territorio contaba con 15.080 persoas traballadoras. Un 4% do total de afiliación á Seguridade Social da provincia da Coruña. Cun descenso de 12persoas na afiliación dos concellos respecto a febreiro.
- A perda de afiliación nun ano (de marzo de 2019 a marzo de 2020) foi de 668 persoas. Máis acusada nas persoas traballadoras por conta allea e nos autónomos.
- As afiliacións do sector mar en marzo de 2020 son o 23% das afiliacións da provincia da Coruña o que evidencia o peso deste sector.
- A distribución de afiliación por sectores amosa case que unha igualdade do peso dos traballadores e traballadoras por conta allea e os autónomos. Visibilizando unha estrutura empresarial fundamentalmente de pequenas

empresas con pouca capacidade de contratación. E unha capacidade de contratación moi estacional e temporal. Con subidas e baixadas dependendo da estacionalidade das industrias de maior emprego de persoal (conserveiras) e das necesidades na tempadas altas e medias do sector hostalaría turismo.

- As afiliacións ao réxime de mar, agrario e fogar só acadan o 13% do total de persoas traballadoras do territorio.
- O número de persoas contratadas por conta allea é só un 1% superior aos autónomos o que evidencia a limitada capacidade de contratación por parte da maioría das empresas do territorio.




Afiliación	R. Xeral	Agrario	Fogar	Mar	Autónomos	Total
Mar-20	6.712	254	176	1.488	6.450	15.080
Febreiro 2020	6.765	265	180	1.434	6.448	15.092
Decembro 2019	6.948	258	183	1.402	6.494	15.285
Mar-19	7.167	255	202	1.533	6.591	15.748
Descenso 12 meses (marzos)	-455	-1	-26	-45	-141	-668

5_1_2_2 Desemprego


Para aproximarnos á parte da poboación activa que demanda emprego baseámonos nas estatísticas de demandantes de emprego a partir dos datos que facilita o Observatorio das Ocupacións do SEPE⁴.

⁴ Servizo Público de Emprego Estatal. D.P. da Coruña. Estatísticas de paro rexistrado. Marzo 2020.

- No territorio de referencia (CM-14) o número de mulleres inscritas como demandantes de emprego supera ao de homes, son o 60% fronte ao 40%.
- En canto á idade, o 60% das persoas demandantes de emprego contan con 45 ou máis anos.
- No 2020 apréciase un descenso das cifras de paro nos meses de xaneiro e febreiro, comparando co mesmo período do ano anterior. No mes de marzo é superior con respecto ao pasado exercicio.
- Gráfico coa evolución das cifras de demandantes de emprego desde decembro de 2009 ata marzo de 2020



- Gráfico coa distribución da cifra de demandantes de emprego por sexo e idade no territorio CM-14 en marzo de 2020




- Táboa coas cifras de demandantes inscritos en marzo de 2020 por concello e sector económico

	Agric+pesca	Industria	Constr	Servizos	Sen act	Total
Cabana de Bergantiños	8	62	30	147	16	263
Camariñas	24	38	39	229	22	352
Carnota	16	41	31	135	7	230
Cee	23	69	44	398	36	570
Corcubión	2	9	9	84	7	111
Dumbría	7	27	24	174	10	242
Fisterra	18	15	25	272	23	353
Laxe	4	32	33	144	15	228
Malpica de Bergantiños	11	95	28	156	11	301
Mazaricos	15	14	49	88	2	168
Muxía	10	32	26	186	22	276
Ponteceso	11	65	36	158	20	290
Vimianzo	24	74	59	205	19	381
Zas	8	40	41	135	12	236

- Táboa coas cifras de demandantes inscritos no territorio CM-14 e na provincia por sexo e sector económico

	Agric+pesca	Industria	Constr	Servizos	Sen act	Total
CM-14 total	181	613	474	2.511	222	4001
CM-14 homes	128	205	436	787	64	1620
CM-14 mulleres	53	408	38	1.724	158	2381
A Coruña_total	1.689	7.299	6.215	48.645	5.536	69384
A Coruña_Homes	1.248	3.639	5.568	17.659	1.928	30042
A Coruña_mulleres	441	3.660	647	30.986	3.608	39342

- Gráfico coas cifras de demandantes inscritos no territorio CM-14 e na provincia por sector económico



5_1_2_3 Sectores económicos e tecido empresarial

Análise do tecido empresarial

Os datos do INE amosan un tecido empresarial composto no ano 2019 por 4.579 empresas (68 máis que no ano 2018). Do conxunto dos concellos só Ponteceso perde 5 empresas mentres atopamos un crecemento por riba das 10 empresas nos concellos de Camariñas (18), Mazaricos (14) e Laxe (11).

Presenta pois unha recuperación do tecido empresarial, tendencia lenta pero sostida nos últimos anos.

- O sector servizos é quen máis medrou cun incremento de 66 novas empresas. A construción incrementouse en 14 actividades, as actividades técnicas e profesionais engadéron 12 ao igual que as de educación, sanidade e servizos sociais.
- As que sufriron perdas foron o comercio (7) industria (5) e actividades financeiras e de seguros (1).
- O tecido empresarial adícase ao comercio, transporte e hostalería na súa maioría (43,85%), a servizos(24,20%) e construción(22,25%) e a industria ten menor presenza cun 9,70%.

- O sector industrial vincúlase aos recursos dos territorios (conserveiras, enerxías, explotacións mineirais, agroindustrias...)
- O incremento das necesidades de servizos (profesionais, atención sociosanitaria, turísticos, mellora da calidade de vida...) amosa un territorio cun crecemento fortemente vinculado á demanda e necesidades das persoas e á terciarización.

Sectores CNAE	2019	2018	Diferencia
Industria	444	449	-5
Construción	1.019	1.005	14
Comercio, transporte, Hostalería	2.008	2.015	-7
Servizos	1.108	1.042	66
TOTAL	4.579	4.511	68

Sectores	Total	%
Industria	444	9,70
Construción	1.019	22,25
Comercio, transporte, Hostalería	2.008	43,85
Servizos	1.108	24,20
TOTAL	4.579	100,00

Análise do sector agrogandeiro e forestal⁵

A superficie forestal representa case dous tercios do territorio e a superficie agraria útil arredor dunha cuarta parte.

A explotación forestal céntrase no eucalipto e no pino e existe transformación en serradoiros, aínda que o número deles diminuíu nos últimos anos.


Destaca no territorio a vocación gandeira de vacún para a produción de leite. No cadro que amosamos a continuación véase a evolución entre o 2002 e o 2018, observándose un descenso en todos os parámetros. Pero, convén facer a aclaración de que se produciu unha desaparición das explotacións máis pequenas e un redimensionamento das máis grandes, plasmado en innovación de procesos e profesionalización.

A partir dos datos do IGE⁶ elaboramos unha táboa que recolle, o número de explotacións en gando nos anos 2002 e 2018 para ver a evolución.

⁵ Tómanse de referencia para este apartado algunhas estatísticas e conclusións do diagnóstico da EDLP do GDR Costa da Morte 2014-2020. A maioría dos datos están referidos a 2015.

⁶ IGE. Efectivos e explotacións de gando bovino. Información ata o nivel de desagregación municipal. Número de explotacións e número de bovinos

- Gráfico coa evolución do número de explotacións e gando bovino entre 2002 e 2018



- Táboa coa evolución do número de explotacións e gando bovino entre 2002 e 2018 por concello do territorio CM-14

	Nº explotacións	Nº bovinos	Nº vacas	Nº vacas muxidura	Nº vacas non muxidura	Outros bovinos
Cabana de Bergantiños						
2002	297	3620	2775	1827	948	845
2018	103	2970	1682	1300	382	1288
Laxe						
2002	126	802	577	202	375	225
2018	27	335	214	122	92	121
Malpica de Bergantiños						
2002	162	2396	1690	810	880	706
2018	73	1719	934	351	583	785
Ponteceso						
2002	247	3599	2778	2296	482	821
2018	91	3674	2199	1909	290	1475

Cee						
2002	138	1137	753	212	541	384
2018	45	597	331	51	280	266
Corcubión						
2002	6	25	16	1	15	9
2018	4	18	10	0	10	8
Dumbría						
2002	365	6450	4941	3546	1395	1509
2018	170	5654	3219	2668	551	2435
Fisterra						
2002	65	303	200	53	147	103
2018	16	145	70	0	70	75
Muxía						
2002	417	6644	4888	3161	1727	1756
2018	223	6364	3663	2715	948	2701
Carnota						
2002	44	247	192	119	73	55
2018	7	51	35	1	34	16
Camariñas						
2002	50	176	126	13	113	50
2018	12	66	34	2	32	32
Vimianzo						
2002	588	8145	6580	5171	1409	1565
2018	240	8551	4533	3719	814	4018
Zas						
2002	500	8858	6751	5473	1278	2107
2018	229	6129	3439	2765	674	2690
Mazaricos						
2002	739	20367	16135	13773	2362	4232
2018	438	23535	12767	11203	1564	10768

Análise do sector da pesca, marisqueo e acuicultura

No territorio CM-14 hai once lonxas: Carnota (Pindo e Lira), Corcubión, Fisterra, Camariñas (Camariñas e Camelle), Ponteceso (Corme), Laxe, Malpica, Muxía e Cabana de Bergantiños (río Anllóns). O peixe é o principal grupo de especies que se descargan.

Segundo datos da Consellería do Mar de 2016, no territorio existen 414 embarcacións.

Ademais, é de destacar a actividade marisqueira, na que se rexistran 289 permisos no ano 2019, algo máis da metade dos que había no 2001.

- Evolución do número de permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupación de mariscadores

	2001	2019
Agrupación mariscadores Río Anllóns	50	30
Confraría de Camariñas	107	63
Confraría de Corcubión	26	16
Confraría de Corme (Ponteceso)	68	23
Confraría de Fisterra	70	13
Confraría de Laxe	20	2
Confraría de Lira (Carnota)	61	25
Confraría de Malpica	31	30
Confraría de Muxía	64	43
Confraría de O Pindo (Carnota)	22	44
CM-14	519	289
Consellería do Mar. Pescadegalicia.com		
I.G.E. - Instituto Galego de Estatística		

As augas do Atlántico atraeron a implantación na zona de plantas de rodaballo en Camariñas, Merexo e Lira.

Análise da actividade turística

O territorio forma parte do xeodestino Costa da Morte, para o que se deseñou o Plan de Acción para o Turismo da Costa da Morte 2019-2021.

Á oferta tradicional de pensións, hotéis e turismo rural, nos últimos anos tiveron un auxe destacado os albergues e as vivendas de uso turístico, apartamentos turísticos e vivendas turísticas. Segundo o estudo realizado desde o xeodestino, a Costa da Morte conta con 11.304 prazas distribuídas en 958 establecementos, que se concentran prioritariamente na costa e na contorna do Camiño a Fisterra e Muxía.

5_1_2_4 Xacementos de emprego

Da análise realizada e as achegas recibidas no proceso de participación extráese a existencia de xacementos de emprego que se poden desenvolver a partir das seguintes áreas de actividade:

Sector Primario

- Sector forestal (biomasa, aproveitamentos do monte)
- Produción e comercialización dos produtos do mar, cárnicos, leiteiros ou de horta
- Actividades de especialización en tarefas relacionadas coas explotacións de leite

Turismo verde

- Novas preferencias do cliente e a oferta de servizos menos masificados vinculados á natureza ou ás necesidades de servizos do peregrino.
- Actividades de posta en valor do medio natural

Servizos

- Os servizos a domicilio para maiores, dependentes e outros colectivos é unha oportunidade para actividades como perruquerías, estéticas, nutrición..., así como os servizos sociosanitarios de apoio a persoas maiores)
- Loxística territorial empresarial (cadea de subministro, cubre xestión e planificación das compras, produción, transporte, almacenaxe e distribución.)

Industria

- Industria agroalimentaria (produtos sector primario)
- Residuos, reparación e reciclaxe
- Enerxías alternativas
- As artesanías vinculada ao turismo e con espazos de venda en colaboración con comercios ou aloxamentos

Comercio Online

- Comercio electrónico e venda a domicilio

5_1_3 Organización e equipamentos do territorio

5_1_3_1 Servizos e equipamentos para o desenvolvemento económico

Achegámonos á capacidade municipal, técnica e de infraestruturas, a través do seguinte cadro. Todos os concellos contan con persoal técnico de Desenvolvemento Local ou Promoción Económica e existen un conxunto de infraestruturas e outros servizos sobre os que se poden artellar accións de dinamización do emprendedorísimo e tamén a reorientación de empresas.

- Cadro: Recursos de apoio á promoción económica e ao emprego en cada concello

Recursos	14	16	20	23	28	34	37	40	43	45	52	68	92	93
Aula informati/tel ecen	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Aulas para actividades	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Coworking	Si	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Parque/pol. Industrial	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Si	Si	Si

Viveiro empresa	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Centro formación	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Non
Orientación laboral	Si	Si	Si	Si	Non	Non	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Si	Si
AEDL e/ou promoción ec.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si

5_1_3_2 Plans zonais e outros apoios ao territorio

O territorio CM-14 forma parte do xeodestino Costa da Morte e estes concellos beneficianse de varios plans zonais:

1. Estratexia de desenvolvemento local participativo do Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte
2. Estratexia de desenvolvemento local participativo do GALP Costa da Morte
3. Estratexia de desenvolvemento local participativo do GALP Costa Sostible
4. Plan de acción para o turismo da Costa da Morte 2019-2021

Ademais, existen outros plans e programas que benefician aos axentes do territorio e que se relacionan no Anexo de axudas.

5_1_4 Medio Físico

O territorio do Plan está situado no noroeste da Península Ibérica, a carón do Atlántico. Ocupa 1263,40 Km². Dos catorce concellos, once lindan co mar.

Distribución municipal das terras


Case dous tercios do espazo do territorio está ocupado por terreos forestais. A continuación refléxase a distribución por concellos.

- Anexo IV. Distribución municipal de terras 2019 Fonte: Consellería do Medio Rural

Concello	Forestal Total	Outras Superficies	S. Total Concello	Sup. de Cultivo e Prado / Sup. Total	Forestal/ Sup. Total
----------	----------------	--------------------	-------------------	--------------------------------------	----------------------

Cabana de Bergantiños	7.124	929	10.023	0,20	0,71
Laxe	2.551	505	3.678	0,17	0,69
Malpica de Bergantiños	3.513	933	6.122	0,27	0,57
Ponteceso	6.184	1.142	9.197	0,20	0,67
Cee	4.221	356	5.745	0,20	0,73
Corcubión	458	68	652	0,19	0,70
Dumbría	7.556	2.088	12.519	0,23	0,60
Fisterra	1.986	258	2.943	0,24	0,67
Muxía	8.592	669	12.119	0,24	0,71
Carnota	5.118	1.537	7.090	0,06	0,72
Camariñas	3.861	925	5.160	0,07	0,75
Vimianzo	12.583	2.372	18.727	0,20	0,67
Zas	7.408	1.879	13.329	0,30	0,56
Mazaricos	9.082	2.042	18.730	0,41	0,48
CM 14 (HA)	80.237	15.704	126.033	0,12	0,64
CM 14 (km2)	802,37	157,04	1260,3		

- Gráfico coa distribución municipal das terras en función do seu uso no ano 2019



Clima

O clima da Costa da Morte é oceánico, con temperaturas suaves todo o ano. Os meses máis fríos son os de decembro, xaneiro, febreiro e marzo, aínda que as temperaturas medias se moven entre os 6° e os 10°. Non é zona de neve aínda que pode haber xeadas nos días máis fríos, sobre todo na zona interior. As temperaturas máis altas rexístranse nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, con temperaturas medias comprendidas entre os 18° e os 24°. As choivas son frecuentes, sobre todo no outono e no inverno. Mención destacada merecen o vento, os temporais e as borrascas. Condicionan o vivir das xentes e son unha parte do nome Costa da Morte.

Non podemos esquecer o cambio climático e as previsións de futuro para a zona. Nas proxeccións ata o ano 2100 espérase un aumento da temperatura máxima de ata uns 4 graos, un aumento do número de días cálidos de un 35% e unha redución nos días de choiva nuns 35 días.

Litoral e occidentalidade

A situación noroccidental na Península Ibérica e o Atlántico conferiron illamento por terra e apertura a culturas do norte e do sur, ademais do tráfico con América, por mar. Esta singularidade complétase co feito de acoller o último raio de sol da Europa Continental en dous períodos do ano (MIRA,2016).

O litoral é fonte de riqueza a través da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Ofrece numerosas praias, de mar aberto e abrigadas en rías, que se interrompen con acantilados graníticos. Ao mar débense os numerosos naufraxios que forman parte da lenda negra destas terras e parte da oferta de gastronomía Atlántica.

Ríos e paisaxe

Catro grande ríos atravesan o interior da Costa da Morte: o Anllóns, o Grande ou Porto, o Castro e o Xallas. Neles verten as súas augas numerosos afluentes que conforman unha ampla rede fluvial.

A xeomorfoloxía ten tres expoñentes no Monte Pindo (Dumbría e Carnota), os Penedos de Pasarela e Traba (Vimianzo e Laxe) e a zona comprendida entre o Cabo Vilán e Camelle (Camariñas).

Flora e fauna

A diversidade de ecosistemas e a proximidade do mar fan interesante a esta zona desde varios puntos de vista. Na área da Rede Natura existen catalogadas especies vexetais e animais e ademais é zona de interese ornitolóxico.

Por outra banda, a riqueza fluvial e das zonas boscosas, fan que a caza e a pesca se poidan practicar nos diferentes cotos.

Espazos protexidos

A Costa da Morte está incluída na Rede Natura 2000, que é a rede de espazos naturais protexidos a escala da UE creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves.

Contamos ademais cos Penedos de Pasarela e Traba, que están declarados paisaxe protexida polo Decreto 294/2008, de 11 de decembro, polo que se declaran paisaxe protexido os Penedos de Pasarela e Traba.

5_1_5 Renda dispoñible e produto interior bruto

A renda dispoñible bruta⁷ é o saldo da conta de distribución secundaria da renda. Obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son o recurso para os fogares, e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes que son un emprego para os fogares. É un indicador que nos permite achegarnos ao nivel de benestar das familias. A continuación amósase unha gráfica coa súa evolución desde o ano 2000 ata o 2017. Compróbase unha tendencia á alza e tamén que a renda dos habitantes do territorio está por debaixo do nivel provincial e autonómico en todos os concellos. Engádese unha táboa cos datos do ano 2000 e o 2017 para todos os concellos, a provincia e a comunidade autónoma analizando a variación.


Táboa que recolle a Renda dispoñible por habitante nos concellos de CM-14, na provincia e na comunidade, analizando o incremento.

	2000	2017	Incremento	
			Diferencia	%
Cabana Bergantiños	6.659	11.771	5.112	76,77
Camariñas	6.187	10.680	4.493	72,62
Carnota	6.640	11.522	4.882	73,52
Cee	8.256	12.575	4.319	52,31
Corcubión	7.584	14.254	6.670	87,95
Dumbría	6.239	10.309	4.070	65,23

⁷ Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Renda municipal dos fogares. Revisión estatística 2019. Serie 2010-2017. Datos provisionais.

Fisterra	6.103	12.239	6.136	100,54
Laxe	7.032	11.822	4.790	68,12
Malpica	7.315	12.251	4.936	67,48
Mazaricos	6.577	11.490	4.913	74,70
Muxía	6.281	11.009	4.728	75,27
Ponteceso	7.619	12.653	5.034	66,07
Vimianzo	6.924	11.857	4.933	71,24
Zas	6.861	12.026	5.165	75,28
A Coruña	9.663	15.483	5.820	60,23
Galicia	9.189	14.643	5.454	59,35

- Gráfico con a evolución da renda dispoñible bruta nos concellos CM.14, a provincia e a comunidade entre 2000 e 2017



O produto interior bruto⁸ é un concepto macroeconómico que mide o valor dos bens e servizos producidos no espazo durante o período de tempo. Permite achegarnos á capacidade de xerar riqueza do territorio. A continuación recolleemos os datos referidos ao territorio CM-14, a provincia e a comunidade para o ano 2016 e unha gráfica coa evolución desde o 2010 ata o 2016. Vemos que os datos de Dumbria e Cee, onde están asentadas as factorías de Ferroatlántica, superan o nivel autonómico. O seguinte


⁸ Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE. *Produto interior bruto municipal. Base 2010.*

concello no ranking é Mazaricos e os datos do resto dos municipios están moi por debaixo da provincia e de Galicia.

- Produto Interior Bruto dos municipios de CM-14, A Coruña e Galicia e porcentaxes.

2.016 Concello	PIB TOTAL		PIB/HAB	
	miles €	€	% A Coruña	% Galicia
Cabana B	52.230	11.502	47,28	52,94
Camariñas	74.446	12.889	52,98	59,32
Carnota	57.003	12.973	53,33	59,71
Cee	171.988	22.553	92,70	103,80
Corcubión	25.323	15.200	62,48	69,96
Dumbría	74.269	21.915	90,08	100,87
Fisterra	58.215	11.885	48,85	54,70
Laxe	35.435	10.777	44,30	49,60
Malpica	76.199	13.280	54,59	61,12
Mazaricos	82.095	18.645	76,64	85,81
Muxía	67.320	13.357	54,90	61,48
Muros	100.340	11.279	46,36	51,91
Ponteceso	84.232	14.654	60,24	67,45
Vimianzo	115.402	15.099	62,06	69,49
Zas	67.908	13.730	56,44	63,19
Galicia	58.994.431	21.727	89,31	100,00
A Coruña	27.319.915	24.328	100,00	111,97
CM-14	1.142.405			
% A Coruña	4,18			
% Galicia	1,94			

- Gráfica coa evolución do PIB/hab nos concellos de CM-14, a provincia e Galicia entre o 2010 e o 2016



5_2 Situación ocasionada pola pandemia do COVID-19

As consecuencias do confinamento e paralización das actividades non esenciais ocasionan ao tecido socioeconómico graves problemas e dificilmente mensurables ata que se produza o remate do estado de alarma.

Para achegarnos ás consecuencias desta crise sanitaria no tecido empresarial dos 14 concellos participantes realizouse una enquisa ás empresas entre os días 20-24 de abril de 2020. O número de empresas participantes foron 604, un 13% del total de empresas do territorio segundos datos do INE de 2019.


O informe completo desta enquisa pódese consultar nos anexos. As conclusións podemos resumilas en:

- No que se refire á actividade desenvolvida polas empresas consultadas a tipoloxía é moi variada pero en termos cuantitativos son a hostalaría e o

comercio os sectores con máis número de respostas. Sectores con maior impacto polo peche de establecementos e que tamén foron identificados na enquisa realizada aos profesionais de desenvolvemento local.

- Nas empresas con menor número de traballadores contratados (0 a 3 contratos) o impacto no emprego foi menor.
- Case un tercio das empresas enquisadas non solicitou nin ten previsto solicitar a prestación extraordinaria por cese de actividade.
- Case un 70% non solicitou nin ten previsto solicitar un ERTE
- Un 63% non solicitou nin ten pensado solicitar crédito subvencionado
- Tan só un 30% dos enquisados continuaron desenvolvendo a súa actividade.
- En termos de caída de facturación máis da metade das empresas enquisadas non tiveron ningún tipo de actividade.
- 80% dos enquisados consideran que o volume de actividade será moi escaso unha vez esgotado o prazo estipulado como estado de alarma. Un 30% dos enquisados está considerando a posibilidade dun peche definitivo da actividade empresarial.
- No que se refire a accións públicas de apoio empresarial as empresas enquisadas consideran como de maior utilidade as liñas de subvencións a fondo perdido e a supresión temporal de impostos ou cotizacións.

- Gráfico de intención de solicitude da prestación extraordinaria por cese de actividade



Situacións observadas:

- Peche do comercio non esencial ten danado a gran parte do sector do territorio ao igual que as actividades relacionadas co turismo (hostalería, aloxamentos, actividades e servizos turísticos, actividades vinculada a feiras e festexos..) que neste ultimo caso enfróntase a un horizonte de recuperación a longo prazo.

- Por outra banda, as actividades esenciais vinculadas á alimentación foron reforzadas e impulsou a produción e comercialización dos produtos locais con maior intensidade que nunca.
- Tamén se reforzaron os servizos para a empresa (xestorías, transporte, distribución...) e a industria agroalimentaria e os servizos vinculados á sanidade, as limpezas e desinfeccións e os servizos públicos.
- As características de microempresas e estacionalidade, a desconfianza no futuro e a deficiente xestión financeira e económica das empresas poden ter dificultado o acceso ás medidas de axuda para as empresas emitida polo goberno. O que reforza a necesidade de apoio das administracións locais, máis adaptadas ás necesidades para a supervivencia da microempresa. Son as axudas a fondo perdido e as que compensan os gastos correntes e de taxas ou impostos, os máis demandados polo tecido empresarial.
- As necesidades do confinamento e a crise Covid-19 pon de relevo a necesidade de reforzar o autoabastecemento e a territorialización dos recursos para limitar a dependencia do exterior para satisfacer as necesidades básicas locais, cun papel de liderazgo dos concellos.
- As redes de apoio locais amosan ser esenciais para a supervivencia dos territorios e elementos de solidariedade que acadaron altos niveis de efectividade ante esta crise.
- Os novos hábitos e estilos de vida que se estableceron poden prolongarse no tempo modificando as costumes sociais: prioridade da saúde, o distanciamento social como prevención, a necesidade dun fogar con capacidade para albergar funcións non tradicionais como o traballo, actividades deportivas e lecer... Tamén se consolida a necesidade de reducir as aglomeracións e multitudes e coidar os grupos reducidos e o respecto polo medio natural.
- A consciencia da necesidade e carencia dos territorios que non contan con conectividade on line suficiente, internet e banda ancha nos territorios e equipamento para as novas necesidades de teletraballo, formación on line, apoio a distancia, saúde monitorizada, venda on line, xuntanzas empresariais...
- desenvolvemento urxente de comercio e servizos a domicilio ou on line.
- A necesidade I+D para o mundo actual e post-covid. Tanto no ámbito sanitario, na reconversión e flexibilidade das empresas para impulsar novos procesos e produtos...
- A importancia dos espazos rurais como provedores de produtos e servizos de primeira necesidade, como garante de ecosistemas naturais protectores da saúde e da vida, como cinturóns contedores e freadores de contaxios e enfermidades...
- Capacidade poboacional para artellar sistemas de comercialización de produtos locais (máis de 60.000 habitantes potenciais consumidores).

A continuación recolleemos algunhas das medidas de choque realizadas polos concellos ante a pandemia, tanto para atender as necesidades da poboación na etapa de confinamento como para apoiar ao empresariado.

- Medidas realizadas e previstas polos concellos ante a pandemia

Medidas	14	16	20	23	28	34	37	40	43	45	52	68	92	93
Inf. Especifica Covi en web municipal	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Promoción empresas en redes concello	No n	Si	No n	Pre v	No n	Pre v	Si	No n	Si	Si	Pre v	Si	Si	No n
Servicio de reparto de compra para persoas maiores/soas	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Axudas para compensar gastos das empresas afectadas (taxas e impostos municipais)	No n	Pre	No n	Pre v	No n	Pre v	Pre v	No n	Pre v	Pre v	Pre v	No n	Pre v	Pre v
Actualizacións de guías empresas dos concello (publicación)	No n	Si	No n	Pre v	No n	No n	No n	No n	Si	Si	Pre v	No n	Si	Pre v

5_3 Conclusións

As conclusións sobre a situación dos 14 concellos da Costa da Morte participantes no Plan son:

- A poboación en 2019 é de 64.283 habitantes, feminizada (51%) característica que se incrementa a partir dos 59 anos.
- Os concellos son todos menores de 8.000 habitantes e teñen perdas acusadas e progresivas de poboación. Son pequenos concellos rurais con dispersión da poboación en parroquias e aldeas.
- O 40% da súa poboación ten 60 ou máis anos o que implica envellecemento e falta de poboación moza e relevo xeracional
- O tecido empresarial amosa incrementos ao logo dos últimos meses, impulsado polo sector servizos. O sector do mar vai en descenso pero aínda ten un peso importante neste sector provincial.
- No sector primario agropecuario destaca a actividade gandeira na produción de leite, no que se está producindo unha modernización, profesionalización e aumento do tamaño das explotacións.
- Case dous tercios do territorio son zona forestal, con vocación prioritaria na produción de eucalipto e pino.
- A actividade pesqueira e marisqueira experimentou unha baixa de efectivos nos últimos anos. Malia isto, son a base do dinamismo de outras empresas vinculadas ao sector pesqueiro e marisqueiro (conserveiras, conxelados, transporte...).

- O tecido industrial é reducido con vinculacións cos recursos territoriais.
- A distribución da afiliación amosa unha reducida capacidade de creación de emprego por conta allea e unha alta porcentaxe de autónomos. O que caracteriza a un territorio atomizado con microempresas fundamentalmente do sector comercio e hostalaría.
- A terciarización da estrutura económica está impulsada por servizos profesionais relacionados coa educación e os servizos sociais, xacemento de emprego moi vinculado á atención das persoas maiores.
- A zona, encadrada no xeodestino Costa da Morte, conta con recursos turísticos importantes relacionados coa natureza e a cultura. A prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, a rede de xacementos arqueolóxicos, os museos e centros de interpretación, o Camiño dos Faros e o Atlántico son unha parte destacada da oferta.
- O desemprego presenta un descenso progresivo ao longo dos anos. Con descensos na época de verán. Os contratos temporais e a tempo parcial son característicos dos sectores con maior contratación (comercio, turismo, conserveiras...).
- O desemprego afecta en maior medida ás mulleres que son tamén maioritaria no sector servizos que presenta case o 67% do desemprego do territorio.
- Con respecto á renda dispoñible bruta, indicador que nos permite coñecer o nivel de benestar das familias, aínda que tivo unha evolución á alza, en concordancia cos datos da provincia e de Galicia, os datos reflexan que a renda dos habitantes do territorio está por debaixo dos niveis provincial e autonómico en todos os concellos e durante todo o período analizado (entre 2000 e 2017).
- Con respecto ao Produto Interior Bruto, que permite analizar a capacidade de xerar riqueza do territorio, observamos que os datos de Dumbría e Cee, onde están asentadas as factorías de Ferroatlántica, superan o nivel autonómico. O seguinte concello no ranking é Mazaricos e os datos do resto dos municipios están moi por debaixo da provincia e de Galicia. Ademais, o territorio representa o 4,18% do PIB provincial e o 1,94% do autonómico.

6 Aspectos limitadores e facilitadores

6_1 Aspectos limitadores

- Dinámica reductiva da estrutura poboacional (envellecemento que afecta a poboación de risco para Covid_19, falta de relevo xeracional, perda de poboación..)
- Débil estrutura económico-empresarial ou modelo produtivo (baixas rendas familiares, atomización empresarial, estacionalidade dos principais sectores, limitacións da oferta e condicións do solo industrial, e as relacionadas coa capacitacións, reducida capacidade de I+D no territorio, excesiva dependencia da economía co turismo estacional e sectores vinculados a atracción de clientela externa)
- Carencias no mercado laboral (cualificación, excesiva temporalidade da oferta de emprego, desmotivación polo emprego en determinados sectores de persoas desempregadas, falta de harmonización entre oferta/demanda de emprego, ineficacia de sistemas de captación de traballadores/as)
- Debilidades tecnolóxicas: falta de internet banda ancha, dotación de TIC's, capacidades tecnolóxicas de empresas e cidadanía.
- Capacidade demostrada de autoabastecemento alimentario territorializado
- Marca e identidade Costa da Morte compartida e interiorizada por todo o territorio

6_2 Aspectos facilitadores

- Reducido impacto do Covid-19 facilitado pola dispersión da poboación, a distancia de centros metropolitanos de Galicia, a tempada baixa turística na que se produciu o inicio de estado de alarma e resposta da cidadanía, redes de apoio e administración local.
- Antecedentes de traballo e dinámicas intermunicipais e público-privada en proxectos de formación-emprego, emprendemento, proxectos con fondos europeos, turismo...
- Servizos públicos destinados ao emprego, empresa e emprendemento municipais e equipamentos como parques industriais, aulas-centros telemáticos públicos e centros de formación
- Implicación das administracións públicas no artellamento de medidas de apoio ao tecido empresarial, a formación e a cidadanía

- Parque de vivendas dispoñibles en toda a Costa da Morte pode ser un elemento atractor e aproveitado para estratexias de retorno e ocupación por novos e novas persoas e profesionais.
- Calidade medioambiental e pluralidade de recursos propios de alta calidade e capacidades: terra, gandeiría, forestal, mar, artesanías, patrimonio material e inmaterial...)
- Capacidade para autoconsumo e desenvolvemento enerxías limpas: biomasa, eólica, solar, mareas...
- Máis de 60.000 habitantes potenciais consumidores de produto local e máis de 20.000 persoas maiores de 65 anos potenciais demandante de servizos especializados para atención socio-sanitarias e de mellora da calidade de vida.
- Artellamento social cun tecido importante de asociación (culturais, deportivas, turísticas, empresariais...) con alta capacidade de organización e xestión

7_Plan de acción

7_1 Visión estratéxica

- **Misión**

Ofrecer propostas de acción ás entidades locais de cara a reactivar e consolidar a actividade económica e o emprego, para acometer con recursos propios ou en concertación con outros axentes, tendo en conta as características do territorio e o novo paradigma desencadeado pola crise sanitaria do Coronavirus, desde un punto de vista sustentable, respectuoso coa identidade do territorio e a súa ruralidade e garantindo un modelo de gobernanza.

- **Visión**

Consolidación dun modelo de desenvolvemento territorial para a Costa da Morte baseado no talento, os recursos endóxenos, a gobernanza, cunha pirámide demográfica rexuvenecida e cun rural habitado e activo.

- **Valores**

- Desenvolvemento sostible desde o punto de vista económico, social e medioambiental.
- Desenvolvemento humano e endóxico.
- Consideración dos efectos do cambio climático.
- Preservación da identidade do territorio.
- Solidariedade interxeracional.
- Consideración aos diferentes axentes que operan no territorio ou inflúen nel.
- Igualdade e non discriminación.
- Adaptación ás competencias e recursos dos municipios

Retos

- **Reto 1. Economía e emprego**

Recuperación e mantemento da actividade económica e do emprego a través da satisfacción das tradicionais e das novas demandas, con base no uso sustentable dos recursos do territorio

- **Reto 2. Territorio**



Desenvolvemento e potenciación do territorio como espazo no que asentarse e creador de riqueza, tendo en conta o seu carácter rural e costeiro

- **Reto 3. Demografía**

Estructura demográfica con menos porcentaxe de persoas maiores de 60 anos e máis persoas en idade activa

Reto 4. Intelixencia territorial

Gobernanza e talento enfocados ao desenvolvemento sostible coa integración do público, o privado, o coñecemento e a sociedade en xeral



7_2 Eixos estratégicos

- **Talento**

Desenvolver, aproveitar e recoñecer o talento das persoas do territorio e de fora del para encamiñar un futuro sostible, económica, social e medioambientalmente, respectuoso coa identidade, a través da participación, a implicación profesional e as decisións políticas

- **Gobernanza**

Desenvolver redes e ferramentas de colaboración e participación en materia de desenvolvemento territorial que creen sinerxias entre entes públicos , empresariado, asociacións, centros de coñecemento e a sociedade en xeral, con especial énfase no papel das axencias de Desenvolvemento Local

- **Reactivación da economía e do emprego**

Reactivar e consolidar a actividade empresarial e o emprego, facilitando a reconversión dos negocios para que se adapten ao novo paradigma . E elaboración de plans específicos para os sectores consolidados e con potencial de futuro.

- **Consumo e comercio de proximidade**

Potenciar o consumo interior facilitando a comercialización de produtos e servizos producidos, creados e subministrados polas empresas locais, a través da concienciación, a creación ou redefinición de espazos e plataformas on line

- **Posta en valor do rural**

Valorizar o rural como espazo para o asentamento de persoas e de empresas e para o desenvolvemento de actividades diversas, e tamén para a xeración de rendas complementarias (madeira, enerxía, biomasa, alugueres)

7_3 Liñas de acción

7_3_1 Talento

Obxectivos específicos

- 1_ Desenvolver capacidades, habilidades e actitudes en empresariado, recursos humanos e sociedade en xeral adaptadas ás necesidades do territorio e á súa proxección futura, respectando a identidade do territorio e os principios do desenvolvemento sostible.
- 2_ Aproveitar o coñecemento de persoas do territorio e de fora del que poida contribuír ao desenvolvemento das accións do plan.
- 3_ Recoñecer o talento de persoas nos campos empresarial, social, científico ou formativo que contribúa ao desenvolvemento do plan.
- 4_ Crear unha contorna que favoreza a creatividade, a innovación e a intelixencia territorial.
- 5_ Poñer en valor os know-how do territorio (saberes, relacións, coñecemento do medio, etc.)

Liñas de accións propostas

- 1_ Programa formativo para empresariado e recursos humanos organizado territorialmente e por sectores, áreas de coñecemento e capacitación (comercio on line, novos canles de distribución e comercialización, produción, prestación de servizos, recursos do territorio...)
- 2_ Programa formativo para técnicos municipais relacionados co desenvolvemento local
- 3_ Programa de formación ocupacional, habilitando as instalacións necesarias.
- 4_ Espazos , redes, foros e talleres de creatividade e de co-creación.
- 5_ Laboratorios de emprendemento empresarial e social
- 6_ Banco de ideas e boas prácticas e de material divulgativo de interese para o territorio
- 7_ Programa de fomento da cultura emprendedora
- 8_ Programas de fomento da innovación empresarial, con especial atención á reconversión dos negocios adaptándoos ao novo paradigma (titorías de empresas, colaboracións, etc.)
- 9_ Prácticas laborais para estudantes
- 10_ Premios e recoñecementos públicos a persoas con talento
- 11_ Actividades dinamizadoras en materia de desenvolvemento do talento para a infancia e a xuventude, en colaboración coas instancias educativas e os departamentos municipais específicos.
- 12_ Foros de debate e intercambio co asociacionismo local.

13_ Feira (presencial ou virtual) de asociacións.

14_ Medios de comunicación. Patrocinio de espazos dedicados ao talento e ao coñecemento

7_3_2 Gobernanza

Obxectivos específicos

- 1_ Potenciar o papel das Axencias de Desenvolvemento Local como instrumentos para impulsar a gobernanza.
- 2_ Fomentar a gobernanza horizontal con responsables de programas en diferentes administracións a nivel provincial, autonómico, estatal, europeo e internacional.
- 3_ Fomentar a gobernanza territorial involucrando á administración pública, ao sector privado, ás institucións relacionadas co coñecemento e á sociedade en xeral
- 4_ Resolver conflitos e desenvolver consensos sobre as accións encamiñadas ao desenvolvemento local.
- 5_ Consolidar os plans locais a través do impulso do conxunto de axentes, sen que afecten os cambios políticos.
- 6_ Ter a disposición a información dos diferentes actores locais nun mesmo espazo.
- 7_ Impulsar o desenvolvemento deste plan de acción a través da implicación dos axentes locais

Liñas de accións propostas

- 1_ Mellora do funcionamento e dotación das Axencias de Desenvolvemento Local: persoal administrativo, partidas orzamentarias para actividades complementarias, equipamento informático e de telecomunicacións, traballo en rede, facilidade para acceder a información de diferentes administracións, presenza destacada na web municipal,...
- 2_ Bases de datos de empresas e outros axentes locais e ferramentas TIC para facilitar a intercomunicación.
- 3_ Rexistros municipais de asociacións.
- 4_ Mesas sectoriais e redes de colaboración co empresariado, o asociacionismo e a sociedade en xeral.
- 5_ Observatorio de desenvolvemento local, accesible desde todas as webs municipais.
- 6_ Espazo en todas as webs dos concellos para as accións do plan.
- 7_ Banco de recursos do/para o territorio, accesible desde todas as webs municipais.
- 8_ Adhesión ao Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía e traballo conxunto.
- 9_ Redes municipais de colaboración entre representantes políticos e técnicos.
- 10_ Redes de colaboración entre administracións que operan no territorio.
- 11_ Redefinición do funcionamento da CMAT, para a xestión do destino turístico Costa da Morte.

7_3_3 Reactivación da actividade económica e do emprego

Obxectivos específicos

- 1_ Apoiar ás empresas máis afectadas polo estado de alarma e facilitar a reconversión empresarial ante a nova situación.
- 2_ Promover as actividades esenciais da economía local.
- 3_ Promover a actividade turística potenciando a seguridade sanitaria do destino.
- 4_ Crear infraestruturas e idear programas de axudas que faciliten o emprendemento e o asentamento de empresas.
- 5_ Consolidar as actividades económicas vinculadas ao sector primario.
- 6_ Mellorar a xestión pública nos servizos relacionados co emprendemento e a actividade empresarial.
- 7_ Facilitar o recrutamento de persoal

Liñas de accións propostas

- 1_ Bolsa de emprego para a zona, de utilidade para empregadores e demandantes.
- 2_ Axudas á contratación de persoal en empresas de actividades estratéxicas para o territorio ou que lanzan novos produtos, servizos ou procesos ou se reconverten.
- 3_ Infraestruturas para o emprendemento e asentamento de empresas: parques empresariais, viveiros, espazos de co-working, empregando tamén edificios municipais infrautilizados.
- 4_ Ferramentas e procesos para acortar prazos e tramitacións burocráticas, sobre todo en materia de urbanismo.
- 5_ Servizos técnicos municipais de apoio a empresas e demandantes de emprego.
- 6_ Liñas de axuda inmediatas ás empresas que tiveron que pechar durante o estado de alarma, con compromisos de continuidade.
- 7_ Liñas de axuda para a reconversión de empresas ante o novo paradigma, con compromiso de continuidade.
- 8_ Liñas de axuda á industria baseada nos recursos endóxenos.
- 9_ Adaptación de espazos públicos ao desenvolvemento de actividades comerciais e de hostalería.
- 10_ Programa de axudas para impulsar o valor engadido no sector pesqueiro e marisqueiro e no sector agro-gandeiro e forestal.
- 11_ Impulso do banco de terras ou fórmulas que permitan o uso de terras en desuso.
- 12_ Programa de promoción turística: Costa da Morte, destino seguro e libre de COVID-19, en colaboración coa CMAT, Deputación e Xunta
- 13_ Adaptación e reforzo dos servizos turísticos municipais (información, comunicación, sinalización, actividades) ás novas circunstancias e redeseño de festas e feiras.

- 14_ Programa de desenvolvemento dos xacementos de emprego relacionados coa atención ás persoas, o tratamento de residuos ,creación de enerxías renovables, o cambio climático e a economía circular.

7_3_4 Consumo e comercio de proximidade

Obxectivos específicos

- 1_ Promover o consumo interior de produtos e servizos da zona
- 2_ Dar a coñecer a produción local
- 3_ Crear espazos, servizos e ferramentas que faciliten a venda e consumo de excedentes agrarios
- 4_ Crear canles de comercialización e venda dos produtos e servizos da zona on e off line.
- 5_ Concienciar á poboación de diferentes idades e colectivos sobre a importancia para o territorio do consumo de produtos locais.

Liñas de acción propostas

- 1_ Calendario de feiras, mercados e mercadillos e outras celebracións con espazos de venda ambulante para produtos do territorio, dispoñible nas webs de todos os concellos.
- 2_ Inventario de espazos permanentes de venda de produtos locais : prazas de abastos, tendas, espazos de exposición.
- 3_ Campaña "Posto na mesa", para que os centros públicos que preparan comidas na zona empreguen produtos locais (colexios, hospital, centros de maiores, etc.).
- 4_ Campañas de promoción de produtos e servizos locais (bonos de venta anticipada, descontos a grupos de consumo, listados, redes sociais, presentacións de produtos, visitas a empresas, conversas con produtores locais, etc.)
- 5_ Plataforma de promoción e comercialización on line para a Costa da Morte.
- 6_ Impulso de grupos de consumo e do servizo a domicilio.
- 7_ Feiras on line para a promoción e venda dos produtos locais con servizo de entrega a domicilio.
- 8_ Reconversión de espazos públicos, en concertación con produtores locais, para crear espazos de venda.
- 9_ Impulso de "restaurantes km0"
- 10_ Xornadas gastronómicas e celebracións baseadas en produtos locais
- 11_ Impulso á creación dunha lonxa comarcal de produtos da zona.
- 12_ Aulas de cociña e obradoiros para diferentes idades con produtos da zona (preparacións tradicionais, marmelos, métodos de conservación).

7_3_5 Posta en valor do rural

Obxectivos específicos

- Favorecer o retorno ao rural de persoas que teñen raíces na zona principalmente.
- Impulsar o uso de vivendas, edificios e terreos facendo visible a oferta a través de directorios e plataformas, on e off line.
- Promover a identidade rural da zona.
- Eliminar as barreiras ao asentamento no rural
- Impulsar novos usos do rural compatibles coa sustentabilidade do territorio e o respecto á súa identidade.
- Redefinir un medio rural no territorio adaptado ao cambio climático.

Liñas de acción propostas

- 1_ Demanda de cobertura de internet de banda ancha en todo o territorio a través de mocións dos plenos e de plataformas da cidadanía.
- 2_ Servizos básicos de abastecemento de auga, recollida e tratamento de lixo, calidade no abastecemento enerxético, limpeza de espazos públicos, etc. en todo o territorio.
- 3_ Demanda da reformulación das normativas en materia de urbanismo e licencias sectoriais (Patrimonio, Augas de Galicia, Costas) para facilitar adaptación de vivendas e espazos a novos usos do rural desde unha perspectiva de sustentabilidade e respecto á identidade do territorio.
- 4_ Programas de axudas á restauración, compra e aluguer de vivenda rural.
- 5_ Instalacións e servizos de atención ás persoas maiores no rural: centros de día en escolas, vivendas comunitarias, casas niño, SAF, servizos a domicilio, apoios para xestións.
- 6_ Instalacións, servizos e actividades no rural de carácter cultural, deportivo, de lecer e desenvolvemento persoal.
- 7_ Programa de adaptación ao cambio climático,; loita contra pragas, abastecemento de auga, flora e fauna, instalacións ailladas termicamente, espazos con sombras, etc.).

7_4 Cadros resumo das liñas de acción

1. Talento	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Programa formativo para empresariado e recursos humanos organizado territorialmente	Aulas Cemit. Programas de formación para empresas	Concellos	AEDLs. Aulas Cemit. Asocs. Empresariais. Deputación. Xunta
2) Programa formativo para técnicos municipais relacionados co desenvolvemento local	Programas específicos de formación	Concellos	Deputación. Igape. C. Economía. Fegamp. Egap. Afiprodel
3) Programa de formación ocupacional, habilitando as instalacións necesarias.	Plan AFD. Programas de obradoiros. Plans de garantía xuvenil	Concellos	Xunta
4) Espazos , redes, foros e talleres de creatividade e de co-creación.		Concellos. Colectivos empresariais	AEDLs. Empresariado. Colectivos empresariais
5) Laboratorios de emprendemento empresarial e social		Concellos. Colectivos empresariais	AEDLs. Empresariado. Colectivos empresariais
6) Banco de ideas e boas prácticas e de material divulgativo de interese para o territorio		Concellos. Colectivos empresariais	AEDLs. Empresariado. Colectivos empresariais
7) Programa de fomento da cultura emprendedora		Concellos	AEDLs. Centros formativos.
8) Programas de fomento da innovación empresarial e reconversión		Empresas.	EOI. AEDLs. Concellos.
9) Prácticas laborais para estudantes			
10) Premios e recoñecementos públicos a persoas con talento	Municipal	Concellos	Asociacionismo. Empresariado
11) Actividades dinamizadoras en materia de desenvolvemento do talento para a infancia e a xuventude	Municipal	Concellos	Depart. Cultura. Asociacionismo.
12) Foros de debate e intercambio co asociacionismo local.	Municipal	Concellos	AEDLs. Depart. Cultura. Asociacións.
13) Feira (presencial ou virtual) de asociacións.	Municipal. GDR. GALP	Concellos. GDR. GALP	Asociacións

14) Medios de comunicación. Patrocinio de espazos dedicados ao talento e ao coñecemento	Municipal	Concellos. Medios de comunicación	
---	-----------	-----------------------------------	--

2. Gobernanza	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Axencias de Desenvolvemento Local	Concellos. Xunta. Deputación	Concello	Persoal das ADL
2) Bases de datos de empresas e outros axentes locais e ferramentas TIC para facilitar a intercomunicación.	Concellos. Aulas Cemit	Concello	Aulas Cemit
3) Rexistros municipais de asociacións.	Concellos	Concello	
4) Mesas sectoriais e redes de colaboración co empresariado, o asociacionismo e a sociedade en xeral.	Concello	Concello	Empresariado. Asociacións. Líderes sociais. AEDLs e outros dptos municipais
5) Observatorio de desenvolvemento local, accesible desde todas as webs municipais.	Concello. Deputación. Xunta	Concello. Deputación. Xunta	AEDLs
6) Espazo en todas as webs dos concellos para as accións do plan.	Concello	Concello	AEDLS. Áreas de informática
7) Banco de recursos do/para o territorio, accesible desde todas as webs municipais.	Concello	Concello	AEDLS. Áreas de informática
8) Adhesión ao Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía e traballo conxunto.		Concello	
9) Redes municipais de colaboración entre representantes políticos e técnicos.	Concello	Concello	AEDLS. Áreas de informática
10) Redes de colaboración entre administracións que operan no territorio.	Concellos	Concello	Representantes no territorio de administracións
11) Redefinición do funcionamento da CMAT, para a xestión do destino turístico Costa da Morte.	Concellos	Concellos do xeodestino	AEDLS. Áreas de Turismo. CMAT. APTCM. Empresariado.

3. Reactivación da actividade económica e do emprego	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Bolsa de emprego para a zona, de utilidade para empregadores e demandantes.		Concellos. Fecom	Orientadores laborais. AEDLs. Bolsas de emprego municipais. Empregadores
2) Axudas á contratación de persoal en empresas de actividades estratéxicas para o territorio ou que lanzan novos produtos, servizos ou procesos ou se reconverten.	A estudar	Concellos	Deputación Provincial. Xunta de Galicia. Goberno Central.
3) Infraestruturas para o emprendemento e asentamento de empresas: parques empresariais, viveiros, espazos de co-working, empregando tamén edificios municipais infrautilizados.	A estudar	Concellos	Deputación Provincial. Xunta de Galicia. Goberno Central.
4) Ferramentas e procesos para acortar prazos e tramitacións burocráticas, sobre todo en materia de urbanismo.		Concellos	Dptos. Urbanismo. Fegamp. Asesoría da Deputación. Xunta de Galicia
5) Servizos técnicos municipais de apoio a empresas e demandantes de emprego.	A estudar	Concellos	AEDLs e servizos complementarios
6) Liñas de axuda inmediatas ás empresas que tiveron que pechar durante o estado de alarma, con compromisos de continuidade.	Concellos e outras armóns.	Concellos	Empresariado. AEDLs
7) Liñas de axuda para a reconversión de empresas ante o novo paradigma,	Concellos e outras armóns.	Concellos	Empresariado. AEDLs

con compromiso de continuidade.			
8) Liñas de axuda á industria baseada nos recursos endóxenos.	GDR. Golpes. Xunta. Deputación	Empresariado	AEDLs
9) Adaptación de espazos públicos ao desenvolvemento de actividades comerciais e de hostalería.	Concellos	Concellos	Empresariado
10) Programa de axudas para impulsar o valor engadido no sector pesqueiro e marisqueiro e no sector agro-gandeiro e forestal.	GDR. Golpes. Xunta. Deputación	Empresariado	AEDLs
11) Impulso do banco de terras ou fórmulas que permitan o uso de terras en desuso.	Xunta e outras	Concellos	Empresariado. Propietarios de terras.
12) Programa de promoción turística: Costa da Morte, destino seguro e libre de COVID-19, en colaboración coa CMAT, Deputación e Xunta	Deputación, Xunta	CMAT. Concellos. Asociacións	Empresariado. Informadores turísticos. AEDLs
13) Adaptación e reforzo dos servizos turísticos municipais (información, comunicación, sinalización, actividades) ás novas circunstancias e redeseño de festas e feiras.	Concello e outras entidades	Concellos	Empresariado. Organizadores de eventos. Feirantes
14) Programa de desenvolvemento dos xacementos de emprego relacionados coa atención ás persoas, o tratamento de residuos ,creación de enerxías renovables, o cambio climático e a economía circular.	Concellos	Concellos	Servizos sociais. AEDLs. Empresas de servizos. Sociedade en xeral

4. Consumo e comercio de proximidade	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Calendario de feiras, mercados e mercadillos e outras celebracións con espazos de venda ambulante para produtos do territorio, dispoñible nas webs de todos os concellos.	Concellos	Concellos	AEDLs
2) Inventario de espazos permanentes de venda de produtos locais : prazas de abastos, tendas, espazos de exposición.	Concellos	Concellos	AEDLs
3) Campaña “Posto na mesa”, para que os centros públicos que preparan comidas na zona empreguen produtos locais (colexios, hospital, centros de maiores, etc.).	GDR. Golpes	GDR. GALP. Concellos.	AEDLs. Comedores públicos. Produtores. Comercializadores. Industria alimentaria
4) Campañas de promoción de produtos e servizos locais (bonos de venda anticipada, descontos a grupos de consumo, listados, redes sociais, presentacións de produtos, visitas a empresas, conversas con produtores locais, etc.)	Concellos e outras vías	Concellos e colectivos empresariais	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
5) Plataforma de promoción e comercialización on line para a Costa da Morte.	Concellos, empresas e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
6) Impulso de grupos de consumo e do servizo a domicilio.	Concellos e outras vías	Concellos e grupos de consumidores	Sociedade en xeral. Asociacións
7) Feiras on line para a promoción e venda dos produtos locais con servizo de entrega a domicilio.	Concellos e outras vías	Concellos e grupos de consumidores	Sociedade en xeral. Asociacións
8) Reconversión de espazos públicos, en concertación con	Concellos	Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións

produtores locais, para crear espazos de venta.			
9) Impulso de “restaurantes km0”	Concellos e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
10) Xornadas gastronómicas e celebracións baseadas en produtos locais	Concellos e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
11) Impulso á creación dunha lonxa comarcal de produtos da zona.	Concellos e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
12) Aulas de cociña e obradoiros para diferentes idades con produtos da zona (preparacións tradicionais, marmelos, métodos de conservación).	Concellos e outras vías	Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións

5. Posta en valor do rural	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Demanda de cobertura de internet de banda ancha en todo o territorio a través de mocións dos plenos e de plataformas da cidadanía.	Realizar demanda	Goberno Central. Xunta de Galicia. Compañías.	
2) Servizos básicos de abastecemento de auga, recollida e tratamento de lixo, calidade no abastecemento enerxético, limpeza de espazos públicos, etc. en todo o territorio.	Concellos	Concellos	Compañías de abastecemento de enerxía
3) Demanda da reformulación das normativas en materia de urbanismo e licencias sectoriais (Patrimonio, Augas de Galicia, Costas) para facilitar adaptación de	Realizar demanda	Concellos. Fegamp	

vivendas e espazos a novos usos do rural desde unha perspectiva de sustentabilidade e respecto á identidade do territorio.			
4) Programas de axudas á restauración, compra e aluguer de vivenda rural.	Realizar demanda	Goberno Central. Xunta de Galicia.	Propietarios de vivenda. Cidadanía en xeral
5) Instalacións e servizos de atención ás persoas maiores no rural: centros de día en escolas, vivendas comunitarias, casas niño, SAF, servizos a domicilio, apoios para xestións.	Concellos e outros programas de axuda	Concellos	Cidadanía en xeral
6) Instalacións, servizos e actividades no rural de carácter cultural, deportivo, de lecer e desenvolvemento persoal.	Concellos e outros programas de axuda	Concellos. Emprendedores. Empresariado	Cidadanía en xeral
7) Programa de adaptación ao cambio climático,: loita contra pragas, abastecemento de auga, flora e fauna, instalacións ailladas termicamente, espazos con sombras, etc.).	Concellos e outros programas de axuda	Concellos	Cidadanía en xeral

7_5 Desenvolvemento detallado de algunhas accións

Selecciónanse a continuación varias accións para desenvolver máis polo miúdo dado o interese amosado polos diferentes grupos consultados.

Nome da acción	Axudas directas ao tecido empresarial local afectado polo COVID-19
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos

<p>Obxectivos específicos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a liquidez das empresas locais que pecharon por ser non esenciais polo COVID-19 • Reducir gastos as empresas mediante a eliminación dalgunhas taxas municipais para apoiarás empresas de hostalería e restauración. • Proporcionar ás empresas artigos/equipos para reforzar a seguridade en cesión temporal ou definitiva contra o Covid-19 na fase de reapertura • Artellar unha imaxe común con elementos identitarios da campaña (bolsas reciclaxe, elementos para levar comida dos restaurantes e bares...)
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CONVOCATORIA DE AXUDAS LOCAIS. Convocatoria de axudas para autónomos/as con enderezo fiscal no municipio (en alta ou cese de actividade por Covid-19. Con compromiso de permanencia e participación en actividades. Para gastos xustificadas relacionados con taxas municipais, servizos xestoría local durante Covid, materiais para a desinfección, equipos informáticos e Tics. • BANCO MUNICIPAL DE RECURSOS PARA A SEGURIDADE. Disposición para uso do tecido empresarial de dispensadores, material, produtos, cámaras, máquinas de ozono... • seguir as recomendacións expertos e necesidades. Pode incluírse bolsas reciclaxe e elementos para empaquetado de comida e outros cunha imaxe común... • SUSPENSIONES DE TAXAS E ADAPTACIÓNS DE ESPAZOS. Suspensións de taxas e terrazas, solicitude dos Concellos para suspensións de taxas non locais. Peatonalizacións de espazos para incrementar zonas de consumo seguro, control de persoas en actividades culturais e dinamización comercial...
<p>Temporalización</p>	<p>Curto prazo. 1 mes</p>
<p>Fontes de financiamento</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Partidas orzamentarias propias dos concellos (fondos transferidos doutras administración)
<p>Axentes implicados</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e sector • Empresas distribuidoras de artigos para Banco Local, directrices sobre seguridade de expertos
<p>Metodoloxías</p>	<ul style="list-style-type: none"> • MESAS DE TRABAJO E CONCERTACION. Xuntanzas previas co sectores locais para determinar necesidades máis urxentes non subvencionadas por outras administración, necesidades de elementos de seguridade e medidas sobre os espazos locais exteriores • CONVOCATORIA. Elaboración e proposta de convocatoria de axudas adaptada ás necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, artellamento de procesos...

	<ul style="list-style-type: none"> • COMPRA DE FONDOS ARTIGOS PARA BANCO LOCAL. Acordos para compra de artigos para banco de recursos. Sistemas de adquisición conxunta para abaratar custes e garantir efectividade... • NORMAS. Normas de funcionamento e cesións de artigos do banco local, artellar procesos • Sistema de divulgación, promoción da actividade • AVALIACION de resultados
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de empresas participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • Convocatorias publicada e participantes no Banco Local • Orzamento aplicado a estas medidas • N° empresas que manteñen en 6 meses. • Guía de funcionamento do Banco Local de artigos • N° de espazos

Nome da acción	Plataforma de venda on line e a domicilio das empresas locais
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a posta en funcionamento dunha plataforma conxunta de venda on line e a domicilio dos produtos e servizos ofrecidos polas empresas con dirección fiscal no Concello • Formar ao tecido empresarial en todos os campos relacionados coa venda on line na plataforma • Reducir custes ás empresas no lanzamento das súas tendas on line • Organizar a distribución a domicilio en canle curto e longo mediante concertación conxunta de servizos de mensaxeria ou similar • Realizar campaña de promoción da plataforma • Artellar compromisos e custes de mantementos a medio e longo prazo por parte das empresas participantes • Artellar a longo prazo sistemas de venda conxunta física en diferentes puntos e feiras (tendas de promoción efímeras, concertos con outros axentes...) • Promover sinerxías colaborativas entre as empresas participantes
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • CONTACTO E PROPOSTAS DE MODELOS. Contactar con empresas especializadas e boas prácticas que orienten posible deseño de plataforma e funcionamento. • MESA DE TRABALLO. Para captar participantes, necesidades, avaliación e adaptación de modelo de plataforma.

	<ul style="list-style-type: none"> • DESEÑO DE PLATAFORMA E PLAN FORMATIVO • Execución de plataforma e establecemento de canles, distribución e plan de marketing e comercialización • Posta en marcha e avaliación de resultados
Temporalización	Curto prazo. 1 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e empresas • Liñas de axuda da Xunta para venda on line comercio • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións de empresariado e comerciante • Empresas de deseño de plataformas de comercio on line e distribución-mensaxería-paquetería (negociación conxunta de condicións con redución de custes)
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e sector • Asociacións, Xunta e Deputación • Empresas especializadas
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos entre concellos e tecido empresarial • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas • Deseño colaborativo para realización de plataforma e plan de formación e marketing • Técnicas de negociación e organización
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de empresas participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • Nº de axudas solicitadas para empresas participantes • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • Nº vendas realizadas-facturación en 6 meses • Nº de actuacións replicadas no monte privado • Guía de funcionamento e participación na plataforma. Convenio e acordo coas empresas participantes • Nº postos de traballo creados en tarefas de reparto, mensaxería etc.

Nome da acción	Rede de mercados e mercadillos costa da morte
Eixo estratéxico da liña de acción	Posta en valor do rural
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Constituír unha rede de colaboración, mellora e visibilización dos mercados e mercadillos agropecuarios da Costa da Morte, potenciando as propostas agroecolóxicas e a marca Costa da Morte Terra Atlántica promovida polo DR Costa da Morte

	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a seguridade e soberanía agroalimentaria do territorio. • Incrementar os beneficios dos e das produtoras e canles de comercialización en curto no territorio. Presencial e a domicilio. • Fornecer a cultura e valor dos produtos locais e desenvolver as variedades autóctonas • Reforzar o compromiso e relación entre os consumidores y produtores locais • Mellorar os espazos físicos e a promoción de mercados e mercadillos agroalimentarios cumprindo as normas de prevención COVID-19 • Favorecer novas iniciativas da industria artesanal vinculada a produtos locais. • Mellorar a cualificación e formación dos produtores e vendedores en mercados e mercadillos, impulsando as sinerxías colaborativas entre eles e outros sectores (comercio, turismo...)
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • MESA DE TRABALLO. MODELO DE REDE. Revisións de boas prácticas e propostas conxuntas entre produtores, asociación, centros de formación, concellos ,profesionais, administración e grupos de desenvolvemento do territorio. • PLAN DE MELLORA DOS MERCADOS E MERCADILLO. Priorizando produtos agrogandeiros e do mar e os seus produtores e produtoras. Coas regras e melloras de protección contra Covid. Captación de participantes e adaptacións de normas, ordenanzas de mercados e marca Terra Atlántica. • PROGRAMA de formación para participantes • VISIBILIZACION E PROMOCION da rede • ARTELLAR ESPAZOS de impulso ás iniciativas conservas e novos produtos artesáns vinculados á alimentación • POTENCIAR ESPAZOS para variantes locais de produtos, intercambio de coñecemento, compost realizado autocompostaxe doméstica, boas prácticas ambientalistas...
Temporalización	Curto e medio prazo. 1 mes a 12 meses
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e outras administración (liñas mercado, formación, empregaverde...) • Liñas de axuda da Xunta para produtores e asociacións de postos en mercados • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións de produtores, • Empresas de formación • GDR e GALP Costa da Morte, confrarías • Centros de formación e investigación
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e produtores (asociacións e particulares) • Asociacións, Xunta e Deputación • Empresas especializadas da zona en formación

	<ul style="list-style-type: none"> • GDR, GALP, Efa Fonteboa e centros formación • Empresas do territorio oferta formación
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos entre actores • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas • Deseño colaborativo para realización de plataforma e plan de formación e marketing • Técnicas de negociación e organización
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de mercados e mercadillos participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para participantes • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° vendas realizadas-facturación en 6 meses • Guía de funcionamento e participación. Convenio e acordo cos produtores e actores participantes • N° postos de traballo e iniciativas desenvoltas • Espazo nas web municipais e n° de actividades de dinamización
Nome da acción	<ul style="list-style-type: none"> • Posta en valor do monte propiedade municipal
Eixo estratéxico da liña de acción	<ul style="list-style-type: none"> • REACTIVACION DE SECTORES ECONOMICOS
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar o valor económico e social do monte propiedade municipal • Ofrecer modelos de rendibilidade forestal e aproveitamentos complementarios • Reducir o risco de incendio
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • INFORME DA SITUACION DOS MONTES PROPIEDAD MUNICIPAL. Capacidade e rendibilidade, situación contractual de explotación e modelos responsables de explotación • PROGRAMA DE APROVEITAMENTO COMPLEMENTARIO. Resineiro, biomasa, social-cultural, recollida de froitos, aproveitamento con gando caprino, porco celta e outras especies..., pulmóns redución de CO2 • PROGRAMA PILOTOS DE APROVEITAMENTO. Formación-emprego, plans formativos, viveiros de iniciativas, plantas de reciclaxe de lixo orgánico municipal, enerxías alternativas...
Temporalización	Medio-longo prazo. 12-30 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e administración, Unión Europea • Liñas de axuda emprego verde, Fondo Compensación, Obradoiros de emprego, Laboratorios cooperativos... • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións forestais, profesionais e empresas verdes
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello, administración e sector • Asociacións, Xunta e Deputación • Empresas especializadas

Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas e plans pilotos • Deseño colaborativo plan de formación e viveiros de empresas forestais e medioambientais con empresas ambientalistas • Técnicas de negociación e organización • Avaliacións de resultados
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de montes participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para as actividades • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° de actividades propostas para 1 ano • Acordos público-privados para explotación e posta en valor • N° postos de traballo creados e persoas dos concellos beneficiarios das actividades • Avaliación

Nome da acción	Axudas directas ao tecido empresarial local afectado polo covid-19
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a liquidez das empresas locais que pecharon por ser non esenciais polo covid-19 • Reducir gastos as empresas mediante a eliminación dalgunhas taxas municipais para apoiar ás empresas de hostalería e restauración. • Proporcionar ás empresas artigos/equipos para reforzar a seguridade en cesión temporal ou definitiva contra o covid-19 na fase de reapertura • Artellar unha imaxe común con elementos identitarios da campaña (bolsas reciclaxe, elementos para levar comida dos restaurantes e bares...)
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Convocatoria de axudas locais. Convocatoria de axudas para autónomos/as con enderezo fiscal no municipio (en alta ou cese de actividade por covid-19. Con compromiso de permanencia e participación en actividades. Para gastos xustificadas relacionados con taxas municipais, servizos xestoría local durante Covid, materiais para a desinfección, equipos informáticos e tics. • Banco municipal de recursos para a seguridade. Disposición para uso do tecido empresarial de dispensadores, material, produtos, cámaras, máquinas de

	<p>ozono... segundas recomendacións expertos e necesidades. Pode incluírse bolsas reciclaxe e elementos para empaketado de comida e outros cunha imaxe común...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Suspensións de taxas e adaptacións de espazos. Suspensións de taxas e terrazas, solicitude dos concellos para suspensións de taxas non locais. Peatonalizacións de espazos para incrementar zonas de consumo seguro, control de persoas en actividades culturais e dinamización comercial...
Temporalización	Curto prazo. 1 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Partidas orzamentarias propias dos concellos (fondos transferidos doutras administración)
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e sector • Empresas distribuidoras de artigos para banco local, directrices sobre seguridade de expertos
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e concertación. Xuntanzas previas co sectores locais para determinar necesidades máis urxentes non subvencionadas por outras administración, necesidades de elementos de seguridade e medidas sobre os espazos locais exteriores • Convocatoria. Elaboración e proposta de convocatoria de axudas adaptada ás necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, artellamento de procesos... • Compra de fondos artigos para banco local. Acordos para compra de artigos para banco de recursos. Sistemas de adquisición conxunta para abaratar custes e garantir efectividade... • Normas. Normas de funcionamento e cesións de artigos do banco local, artellar procesos • Sistema de divulgación, promoción da actividade • Avaliación de resultados
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de empresas participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • Convocatorias publicada e participantes no banco local • Orzamento aplicado a estas medidas • N° empresas que manteñen en 6 meses. • guía de funcionamento do banco local de artigos • N° de espazos

Nome da acción	Plataforma de venda on line e a domicilio das empresas locais
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a posta en funcionamento dunha plataforma conxunta de venda on line e a domicilio dos produtos e servizos ofrecidos polas empresas con dirección fiscal no concello • Formar ao tecido empresarial en todos os campos relacionados coa venda on line na plataforma • Reducir custes ás empresas no lanzamento das súas tendas on line • Organizar a distribución a domicilio en canle curto e longo mediante concertación conxunta de servizos de mensaxería ou similar • Realizar campaña de promoción da plataforma • Artellar compromisos e custes de mantementos a medio e longo prazo por parte das empresas participantes • Artellar a longo prazo sistemas de venda conxunta física en diferentes puntos e feiras (tendas de promoción efímeras, concertos con outros axentes...) • Promover sinerxías colaborativas entre as empresas participantes
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Contacto e propostas de modelos. Contactar con empresas especializadas e boas prácticas que orienten posible deseño de plataforma e funcionamento. • Mesa de traballo. Para captar participantes, necesidades, avaliación e adaptación de modelo de plataforma. • Deseño de plataforma e plan formativo • Execución de plataforma e establecemento de canles, distribución e plan de marketing e comercialización • Posta en marcha e avaliación de resultados
Temporalización	Curto prazo. 1 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e empresas • Liñas de axuda da xunta para venda on line comercio • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións de empresariado e comerciante • Empresas de deseño de plataformas de comercio on line e distribución-mensaxería-paquetería (negociación conxunta de condicións con redución de custes)

Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e sector • Asociacións, xunta e deputación • Empresas especializadas
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos entre concellos e tecido empresarial • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas • Deseño colaborativo para realización de plataforma e plan de formación e marketing • Técnicas de negociación e organización
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de empresas participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para empresas participantes • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° vendas realizadas-facturación en 6 meses • N° de actuacións replicadas no monte privado • Guía de funcionamento e participación na plataforma. Convenio e acordo coas empresas participantes • N° postos de traballo creados en tarefas de reparto, mensaxería etc.

Nome da acción	Rede de mercados e mercadillos costa da morte
Eixo estratéxico da liña de acción	Posta en valor do rural
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Constituír unha rede de colaboración, mellora e visibilización dos mercados e mercadillos agropecuarios da costa da morte, potenciando as propostas agroecolóxicas e a marca costa da morte terra atlántica promovida polo GDR costa da morte • Promover a seguridade e soberanía agroalimentaria do territorio. • Incrementar os beneficios dos e das produtoras e canles de comercialización en curto no territorio. Presencial e a domicilio. • Fornecer a cultura e valor dos produtos locais e desenvolver as variedades autóctonas • Reforzar o compromiso e relación entre os consumidores y produtores locais • Mellorar os espazos físicos e a promoción de mercados e mercadillos agroalimentarios cumprindo as normas de prevención covid-19

	<ul style="list-style-type: none"> • Favorecer novas iniciativas da industria artesanal vinculada a produtos locais. • Mellorar a cualificación e formación dos produtores e vendedores en mercados e mercadillos, impulsando as sinerxías colaborativas entre eles e outros sectores (comercio, turismo...)
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Mesa de traballo. Modelo de rede. Revisións de boas prácticas e propostas conxuntas entre produtores, asociación, centros de formación, concellos , profesionais, administración e grupos de desenvolvemento do territorio. • Plan de mellora dos mercados e mercadillos. Priorizando produtos agrogandeiros e do mar e os seus produtores e produtoras. Coas regras e melloras de protección contra Covid. Captación de participantes e adaptacións de normas, ordenanzas de mercados e marca terra atlántica. • Programa de formación para participantes • Visibilización e promoción da rede • Artellar espazos de impulso ás iniciativas conservas e novos produtos artesanais vinculados á alimentación • Potenciar espazos para variantes locais de produtos, intercambio de coñecemento, compost realizado autocompostaxe domestica, boas prácticas ambientalistas...
Temporalización	Curto e medio prazo. 1 mes a 12 meses
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e outras administración (liñas mercado, formación, empregaverde...) • Liñas de axuda da xunta para produtores e asociacións de postos en mercados • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións de produtores, • Empresas de formación • GDR e GALP Costa da morte, confrarías • Centros de formación e investigación
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e produtores (asociacións e particulares) • Asociacións, xunta e deputación • Empresas especializadas da zona en formación • GDR, GALP, Efa Fonteboa e centros formación • Empresas do territorio oferta formación
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos entre actores • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas • Deseño colaborativo para realización de plataforma e plan de formación e marketing • Técnicas de negociación e organización
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de mercados e mercadillos participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para participantes

	<ul style="list-style-type: none"> • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° vendas realizadas-facturación en 6 meses • Guía de funcionamento e participación. Convenio e acordo cos produtores e actores participantes • N° postos de traballo e iniciativas desenvoltas • Espazo nas web municipais e n° de actividades de dinamización
--	--

Nome da acción	Lonxa agropecuaria da costa da morte
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Artellar un espazo físico común de entrega/distribución de produtos • Potenciar espazos para a distribución de packs a familias e a canal horeca das variantes locais de produtos • Configuración da cadea de valor agroalimentaria • Poñer á disposición das persoas (produtoras/consumidoras) servizos, instalacións e medios para efectuar as transaccións entre unhas e outras. • Tipificación e homoxeneización dos produtos e prezos referenciados: orientar aos produtores agropecuarios información actualizada sobre situacións e tendencias dos prezos e mercados en orixe, facilitar e equilibrar as negociacións e transaccións comerciais. • Contribuír á transparencia dos mercados e a un mellor coñecemento do sector agro_gandeiro da comarca • Promover a seguridade no stockaxe e distribución • Incrementar os beneficios dos e das produtoras e canles de comercialización en curto no territorio. • Reforzar o compromiso e relación entre os consumidores e produtores locais • Asegurar que a actividade económica mellore a calidade de vida de todas as persoas, directa ou indirectamente implicadas (produtoras/consumidoras). • Usar os recursos eficientemente. • Promover a autosuficiencia comarcal. • Promover a recolección, procesamento e conservación de semente de variedades tradicionais para a súa distribución e posta en valor
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Mesa de traballo: • Localización do espazo físico: en zonas de produción, ao servizo dos produtores agropecuarios, debe facilitar as

	<p>operacións de compra-venda entre produtores vendedores e a distribución aos compradores do produtos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificar e definir a estrutura da lonxa de produtos agropecuarios, funcionamento e viabilidade, proxección futura. • Sistema de información sobre prezos e mercado: intercambio de información sobre prezos, situación e tendencias e características dos produtos • Elección da forma xurídica: sociedades mercantís (SA)ó s.l.) con total autonomía económico financeira, propietarios son entes públicos o semipúblicos asociacións. Agrupacións ou consorcios de usuario sen ánimo de lucro a través de cotas ou outras vías de financiación. Ente público dependentes dunha administración (servizo público acollido orzamentos públicos e correspondentes normas de funcionamento, organización e control. • Recursos e medios materiais, loxísticos e técnicos para facilitar as posibles transaccións comerciais directas e mellorar a eficacia na comercialización (acción xeradora de novo emprego e/ou reconversión de traballadores cualificados en manipulación de alimentos). • Recursos para a distribución: selección de materias primas para o sistema de envasado, uso ou valorización ou eliminación final de envase, ecodeseño de novos produtos en base aos materiais do territorio, renovación dos existentes, decisións de marca, embalaxe e etiquetado ecolóxico. Eco-envases.. "eco- packaging": envases intelixentes e activos. (acción xeradora de novo emprego e diversificación de actividades empresariais relacionadas) • Transporte e loxística: convenio axencias autorizadas de transporte. Creación dunha cadea local de transporte e distribución (acción xeradora de novo emprego e/ou reconversión de traballadores cualificados). • Programa de formación para participantes: técnicas de transformación, normalización das instalacións, aprendizaxe sobre comercialización e xestión común, diversificación, técnicas de posta en valor no mercado, distribución eficaz. • Diversificación, transformación e mellora da competitividade e calidade de produtos das explotacións agro-gandeiras. • Periodización de destinatarias (persoas/establecementos) dos servizos da lonxa e captación/ fidelización das mesmas
Temporalización	Medio e longo prazo. 3 meses a 12 meses
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e outras administración (liñas mercado, formación, empregaverde...) • Liñas de axuda da xunta (adaptación do espazo, medios de transporte, marketing)

	<ul style="list-style-type: none"> • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración (adaptación do espazo, medios de transporte, marketing) • Asociacións de produtores, • Empresas de formación • Gd e Galo Costa da Morte, confrarías • Centros de formación e investigación
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e produtores (asociacións e particulares) • Asociacións, xunta e deputación • Empresas especializadas da zona en formación • Gd, Galo, Efa Fonteboa e centros formación
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos • Revisión e preparación de proxecto para acceder a liñas de axudas e plans pilotos
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de produtores implicados • N° de produtos e estacionalidade dos mesmos • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de espazos que cumpran requisitos • Espazo posto en marcha • Sistema de distribución: transporte • Sistema de embalaxe e distribución • N° de empregos creados
Liñas de accións vinculadas	<ul style="list-style-type: none"> • Talento: capital humano local • Gobernanza: colaboración público-privada • Reactivación da actividade económica e do emprego • Consumo e comercio de proximidade • Posta en valor do rural

Nome da acción	Posta en valor do monte propiedade municipal
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar o valor económico e social do monte propiedade municipal • Ofrecer modelos de rendibilidade forestal e aproveitamentos complementarios • Reducir o risco de incendio
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Informe da situación dos montes propiedade municipal. Capacidade e rendibilidade, situación contractual de explotación e modelos responsables de explotación • Programa de aproveitamento complementario. Resineiro, biomasa, social-cultural, recollida de froitos, aproveitamento con gando caprino, porco celta e outras especies..., pulmóns redución de co2

	<ul style="list-style-type: none"> • Programa pilotos de aproveitamento. Formación- emprego, plans formativos, viveiros de iniciativas, plantas de reciclaxe de lixo orgánico municipal, enerxías alternativas...
Temporalización	Medio-longo prazo. 12-30 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e administración, unión europea • Liñas de axuda emrega verde, fondo compensación, obradoiros de emprego, laboratorios cooperativos... • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións forestais, profesionais e empresas verdes
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello, administración e sector • Asociacións, xunta e deputación • Empresas especializadas
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas e plans pilotos • Deseño colaborativo plan de formación e viveiros de empresas forestais e medioambientais con empresas ambientalistas • Técnicas de negociación e organización • Avaliacións de resultados
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de montes participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para as actividades • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° de actividades propostas para 1 ano • Acordos público-privados para explotación e posta en valor • N° postos de traballo creados e persoas dos concellos beneficiarios das actividades • Avaliación

Nome da acción	Rede de mercados e mercadillos costa da morte
Eixo estratéxico da liña de acción	Posta en valor do rural
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Constituír unha rede de colaboración, mellora e visibilización dos mercados e mercadillos agropecuarios da costa da morte, potenciando as propostas agroecolóxicas e a marca costa da morte terra atlántica promovida polo GDR costa da morte • Promover a seguridade e soberanía agroalimentaria do territorio. • Incrementar os beneficios dos e das produtoras e canles de comercialización en curto no territorio. Presencial e a domicilio.

	<ul style="list-style-type: none"> • Fornecer a cultura e valor dos produtos locais e desenvolver as variedades autóctonas • Reforzar o compromiso e relación entre os consumidores y produtores locais • Mellorar os espazos físicos e a promoción de mercados e mercadillos agroalimentarios cumprindo as normas de prevención covid-19 • Favorecer novas iniciativas da industria artesanal vinculada a produtos locais. • Mellorar a cualificación e formación dos produtores e vendedores en mercados e mercadillos, impulsando as sinerxías colaborativas entre eles e outros sectores (comercio, turismo...)
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Mesa de traballo. Modelo de rede. Revisións de boas prácticas e propostas conxuntas entre produtores, asociación, centros de formación, concellos , profesionais, administración e grupos de desenvolvemento do territorio. • Plan de mellora dos mercados e mercadillos. Priorizando produtos agrogandeiros e do mar e os seus produtores e produtoras. Coas regras e melloras de protección contra Covid. Captación de participantes e adaptacións de normas, ordenanzas de mercados e marca terra atlántica. • Programa de formación para participantes • Visibilización e promoción da rede • Artellar espazos de impulso ás iniciativas conservas e novos produtos artesáns vinculados á alimentación • Potenciar espazos para variantes locais de produtos, intercambio de coñecemento, compost realizado autocompostaxe domestica, boas prácticas ambientalistas...
Temporalización	Curto e medio prazo. 1 mes a 12 meses
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e outras administración (liñas mercado, formación, empregaverde...) • Liñas de axuda da xunta para produtores e asociacións de postos en mercados • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións de produtores, • Empresas de formación • Gd e Galo costa da morte, confrarías • Centros de formación e investigación
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e produtores (asociacións e particulares) • Asociacións, xunta e deputación • Empresas especializadas da zona en formación • Gd, Galo, Efa Fonteboa e centros formación • Empresas do territorio oferta formación
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos entre actores

	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas • Deseño colaborativo para realización de plataforma e plan de formación e marketing • Técnicas de negociación e organización
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de mercados e mercadillos participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para participantes • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° vendas realizadas-facturación en 6 meses • Guía de funcionamento e participación. Convenio e acordo cos produtores e actores participantes • N° postos de traballo e iniciativas desenvoltas • Espazo nas web municipais e n° de actividades de dinamización

Nome da acción	Mesa de concertación: mellora dos procedementos administrativos locais para empresas
Eixo estratéxico da liña de acción	Gobernanza
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Reducir os tempos na tramitación de procedementos administrativos locais relacionadas co emprendemento e empresas • Propor dinámicas de traballo on line para axilizar os procedementos de comunicación intraadministrativos locais • Salientar os procedementos máis sinxelos e rápidos para incrementar eficiencia na tramitación • Propor liñas a modificar nas relacións con outras administración para reducir tempos de tramitación • Deseñar modelos novos común a procedementos similares das administracións locais
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Mesa de propostas e demandas. Realizada entre concellos e tecido empresarial para determinar os procedementos e problemas na tramitación máis importantes. Recollida de demandas e suxestións • Informe local. Procedementos de maior demanda e dificultades na súa simplificación. Suxestións e problemas • Mesa de traballo. Participada por alcaldías técnicos de xestión local, asesores da deputación, Fegamp e xunta de Galicia-escola de administración pública. Revisión de problemas, demandas e propostas de solución • Acordo de aplicación de novas medidas para axilizar procedementos, implicación do tecido empresarial • Traslado de suxestións. A outras administración implicadas

Temporalización	Medio-longo prazo. 12-30 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none">• Concello e administración
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none">• Concello, administración, expertos e tecido empresarial• Asociacións de profesionais da xestión administrativa
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none">• Mesas de traballo e acordos• Avaliacións de resultados
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none">• N° actores e profesionais participantes• Plan de mellora e formación• N° de acordos posto en práctica.

7_6 Demandas a outras administracións

Algunhas das liñas de acción van enfocadas a realizar demandas ante outros entes e administración públicas de cara a solucionar problemas e carencias que repercutirían positivamente no territorio e no desenvolvemento deste plan se fosen abordadas polos entes responsables.

Estas demandas poden ser canalizadas a través de mocións plenarias, comunicación á FEGAMP e solicitude a cada unha das entidades responsables.

- Cobertura de internet con banda ancha en todo o territorio, incluíndo as zonas rurais.
- Reformulacións de todos os plans de axudas a empresas e administración para facer fronte á nova situación.
- Reformulación da lexislación que afecta a autorizacións sectoriais e uso de edificios e terreos, sobre todo nas zonas rurais, para facilitar e axilizar o asentamento, o emprendemento e o desenvolvemento de actividades tradicionais ou innovadoras, compatibles coa conservación da arquitectura e a identidade rural. Con respecto á rehabilitación e construción de vivenda, débese permitira o uso de técnicas e materiais actuais, evitando o encarecemento das obras e do seu mantemento, respectando a arquitectura tradicional.
- Programas de vivenda específicos para zonas rurais. Apoios ao aluguer, á restauración e á reconstrución de vivendas, respectando a arquitectura tradicional, pero empregando técnicas e materiais actuais.

8_Xestión e seguimento do plan

Este plan de acción ofrece unhas liñas de traballo ás entidades locais dos catorce municipios participantes que deberán ser levadas no curto, no medio e no longo prazo. Algunhas das actividades que emanan desas liñas poderán ser levadas a cabo desde cada un dos concellos, outras requirirán da execución conxunta e outras irán máis alá dos concellos e veranse implicadas nelas outros axentes, do territorio e fora del. De calquera xeito, é necesario levar a cabo accións de comunicación, dinamización, impulso e seguimento do plan conxunto. Para iso, propónse traballar na xestión e seguimento en dous niveis: o municipal e o do territorio do plan.

Responsables

- Nivel municipal
 - Responsable político
 - Responsable técnico
- Nivel CM-14
 - Comisión política de seguimento e toma de decisións, constituída por un representante político de cada un dos concellos (alcaldías, concellarías)
 - Comisión técnica de seguimento, constituída polos técnicos de Desenvolvemento Local dos catorce concellos

Seguimento e impulso

Para o seguimento e impulso do plan vanse realizar as seguintes accións:

- Reunións
 - Reunións técnicas e políticas de seguimento da estratexia
 - Reunións de mesas de traballo nos dous niveis
- Informes
 - Diagrama de Gantt de seguimento das liñas de acción.
 - Informes de accións desenvolvidas dispoñibles nas webs dos concellos de CM-14.
 - Informe a través de sistema de indicadores.
 - Informes sobre resultados de prospección a axentes implicados.
- Axentes implicados
 - É necesario identificar aos axentes implicados no desenvolvemento da estratexia para que contribúan ao seguimento e impulso da estratexia (empresariado, comunidade educativa, administracións públicas, servizos técnicos no territorio, etc.)

- Comunicación: con respecto á comunicación do plan está previsto realizar as seguintes accións:
 - Presentación aos medios de comunicación inicial e información periódica
 - Información nas webs municipais e a través das súas redes sociais
 - Accións de difusión a axentes implicados no plan

9_Bibliografía

- Estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR Costa da Morte para o período 2014-2020
- Estratexia de desenvolvemento local participativo do GALP Costa da Morte 2014-2020
- Estratexia de desenvolvemento local participativo do GALP Costa Sostible 2014-2020
- Jiménez Sánchez, María. Informe sobre enquisa a técnicos de Desenvolvemento Local (abril, 2020)
- Jiménez Sánchez, María. Informe sobre enquisa a empresas do territorio CM-14 (abril, 2020)
- Instituto Galego de Estatística
- Instituto Nacional de Estatística
- Anuario Agrario 2019
- Anuario de Pesca 2019
- SEPE. Observatorio de Ocupacións. Datos sobre demandantes de emprego
- Seguridade Social. Datos sobre afiliación



PLAN



de **acción**

municipal para a

reactivación

económica da

Costa da Morte



tido

con

1_INTRODUCCIÓN	4
2_ÁMBITO TERRITORIAL	5
3_ÁMBITO COMPETENCIAL	6
4_DIRECTRICES E METODOLOXÍA	7
5_DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN	9
5_1_Caracterización do territorio	9
5_1_1_Demografía	9
5_1_1_1 Dinámica demográfica	9
5_1_1_2 Estrutura demográfica	11
5_1_1_3 Distribución espacial	13
5_1_2 Mercado de traballo e actividade económica	15
5_1_2_1 Afiliación	15
5_1_2_2 Desemprego	16
5_1_2_3 Sectores económicos e tecido empresarial	19
5_1_2_4 Xacementos de emprego	23
5_1_3 Organización e equipamentos do territorio	24
5_1_3_1 Servizos e equipamentos para o desenvolvemento económico	24
5_1_3_2 Plans zonais e outros apoios ao territorio	25
5_1_4 Medio Físico	25
5_1_5 Renda dispoñible e produto interior bruto	28
5_2 Situación ocasionada pola pandemia do COVID-19	31
5_3 Conclusións	34
6 ASPECTOS LIMITADORES E FACILITADORES	36
6_1 Aspectos limitadores	36
6_2 Aspectos facilitadores	36
7_PLAN DE ACCIÓN	38
7_1 Visión estratéxica	38
7_2 Eixos estratéxicos	40
7_3 Liñas de acción	41
7_3_1 Talento	41

7_3_2 Gobernanza	42
7_3_3 Reactivación da actividade económica e do emprego	43
7_3_4 Consumo e comercio de proximidade	44
7_3_5 Posta en valor do rural	45
7_4 Cadros resumo das liñas de acción	46
7_5 Desenvolvemento detallado de algunhas accións	52
7_6 Demandas a outras administracións	70
8_XESTIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN	71
9_BIBLIOGRAFÍA	73
10_ANEXOS	74

1_Introdución

A crise sanitaria desatada polo coronavirus vai máis alá da urxencia de atender ás persoas enfermas e de frear a pandemia. Ten consecuencias nos hábitos de vida, no valor do fogar, no calendario escolar, na forma de traballar e tamén na actividade económica e no emprego. Provocou alteracións na oferta de produtos e servizos e tamén produciu unha contracción da demanda global.

Hai un antes e un despois desta situación e debemos prepararnos para encaixar a nosa sociedade neste novo paradigma. Por iso, desde as áreas de Desenvolvemento Local dos concellos desexamos facer unha pequena análise dos cambios desatados e elaborar un plan con accións para o curto, o medio e o longo prazo destinado a minimizar os efectos negativos da pandemia, a acortar o prazo de recuperación e a consolidar a sustentabilidade social, económica e medioambiental do territorio tendo en conta a súa identidade e aos deferentes grupos de interese que acolle.

Entre os obxectivos deste traballo están os seguintes:

- 1) Coñecer as características socioeconómicas do territorio de referencia.
- 2) Coñecer o impacto da pandemia na sociedade en xeral e na economía en particular.
- 3) Levar a cabo un proceso de participación para as fase de diagnose e de planificación.
- 4) Ofrecer propostas de actuación aos concellos e a outros entes que toman decisións no e sobre o territorio.

2_Ámbito territorial

Este plan de acción idéase para catorce municipios da Costa da Morte, dadas as súas características similares e tamén porque así o decidiron as autoridades locais. Na seguinte táboa, e no mapa, recóllese o ámbito xeográfico do plan:

Provincia	A Coruña
Xeodestino	Costa da Morte
Municipios	<ul style="list-style-type: none">• Comarca de Bergantiños: Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe• Comarca de Terra de Soneira: Camariñas, Vimianzo, Zas• Comarca de Fisterra: Muxía, Dumbría, Cee, Corcubión e Fisterra• Comarca de Xallas: Mazaricos• Comarca de Muros: Carnota



3_Ámbito competencial

O ámbito competencial¹ deste plan é o da Administración Local. As accións que se propoñen poden ser executadas e/ou impulsadas desde os concellos en colaboración con axentes socioeconómicos, coa Deputación Provincial da Coruña e con outras entidades.

As principais competencias dos concellos relacionadas con este plan son:

- Urbanismo. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda. Conservación e rehabilitación da edificación.
- Medio ambiente urbano, abastecemento de auga e xestión de residuos. Limpeza viaria. Protección da salubridade pública. Parques e xardíns.
- Atención a persoas en risco de exclusión social e promoción da igualdade.
- Promoción da actividade turística.
- Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.
- Promoción do deporte e da cultura. Ocupación do tempo libre. Colaboración coa comunicade educativa.
- Promoción da participación da cidadanía no uso das tecnoloxías da información e das comunicacións.
- Execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.
- Participación na formación de activos e desempregados.

Por outra banda, a FEMP² reivindica a recuperación de competencias para poder aproveitar as capacidades da administración local. Así, a súa xunta de portavoces remitiu achegas ao goberno de España nos primeiros días da epidemia coas seguintes reflexións:

“Hai sectores vitais da estrutura económica dos Nossos municipios que hai que recuperar: o pequeno comercio e os sectores de proximidade, as pemes, os autónomos, etc.. E as políticas activas de emprego e de rescate ás persoas son tarefas nas que os concellos poden e queren actuar inmediatamente, aínda que se trate de competencias doutras administracións, porque os concellos, como entidades máis próximas á cidadanía, responden sempre con inmediatez e eficacia”.

1 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das BRL (artigos 25 e ss.) e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (artigos 80 e ss.)

2 “Medidas económicas extraordinarias para paliar los efectos económicos del coronavirus”. FEMP. JUNTA DE PORTAVOCES (02/04/2020)

4_Directrices e metodoloxía

Para a realización desta proposta considéranse as seguintes directrices:

- **Plan realista e realizable.** Téñense en conta as capacidades técnicas e financeiras das entidades impulsoras.
- **Realidade socioeconómica.** Tense en conta a realidade socioeconómica do territorio, as súas características propias, os seus puntos fortes e debilidades.
- **Impacto do COVID-19.** Considérase como incide a crise sanitaria no territorio e as súas consecuencias na actividade económica e no emprego.
- **Intelixencia colectiva.** Búscase a implicación de axentes locais e supralocais, públicos e privados.
- **Recursos locais.** O plan debe adaptarse á capacidade e recursos dos concellos e aos axentes que colaboren na súa implementación.
- **Propostas.** Inclúense no plan as propostas a outros entes ou administracións para os asuntos que non se poidan acometer desde a administración local.
- **Visión a corto, medio e longo prazo.** Téñense en conta as problemáticas socioeconómicas que é necesario acometer no curto prazo, pero tamén se trata de ter unha visión a medio e longo prazo que contribúa á consolidación da actividade económica e do emprego.
- **Efecto psicolóxico.** A incerteza, a vulnerabilidade e todos os sentimentos que a situación desencadea inflúen negativamente no estado de ánimo das persoas, por iso é importante pasar á acción, ofrecer solucións e aproveitar as ganas de volver á normalidade e buscar un futuro máis seguro.
- **Axencias de Desenvolvemento Local.** Tómase como referencia técnica a nivel local ao persoal técnico de Desenvolvemento Local e Promoción Económica dos concellos, contando coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e con Afiprodel.

As fases para a realización deste plan son as seguintes:

Fase 1	Decisión de impulsar a elaboración deste plan, que partiu das alcaldías de Camariñas e Vimianzo.
Fase 2	Delimitación do territorio de actuación, a través da consulta ás alcaldías.
Fase 3	Constitución do Comité Técnico para a elaboración do plan, con persoal dos departamentos de Desenvolvemento Local e unha técnica da Deputación Provincial da Coruña: <ul style="list-style-type: none">• María Jiménez Sánchez. AEDL do Concello de Camariñas• Emilio González Ramos. ADL do Concello de Camariñas• Rosa María Sánchez Martínez TDL do Concello de Vimianzo• Isabel Agra Pose. AEDL do Concello de Zas• José Ramón Esperante Otero. AEDL do Concello de Mazaricos• María Dolores Pena Pena. AEDL do Concello de Carnota• Manuel González Castro. AEDL do Concello de Carnota

	<ul style="list-style-type: none"> Sofía Agrafojo Rey. Técnica de Proxectos na Deputación Provincial da Coruña
Fase 4	Creación e identificación de ferramentas de traballo compartido on line, co apoio da estrutura de Afiprodel (Google, Slack)
Fase 5	Elaboración compartida da estrutura do traballo. Identificación inicial de retos e eixos estratéxicos.
Fase 6	Inicio da elaboración do diagnóstico a partir de informes, estudos e estatísticas. Lanzamento de enquisas: a empresas e a técnicos
Fase 7	Elaboración de informes sobre as enquisas e aproveitamento das conclusións
Fase 8	Identificación de axentes de interese para a elaboración e execución do plan
Fase 9	Presentación do plan a varios axentes individualmente e recollida das súas achegas
Fase 10	Elaboración do documento final
Fase 11	Presentación ás alcaldías para a súa posta en marcha

Para a realización deste traballo recompilamos información de fontes estatísticas oficiais, de estudos sobre a zona, de fontes municipais e doutra bibliografía. Complementamos esta recollida con enquisas (a empresas e técnicos de Desenvolvemento Local) nos 14 concellos e entrevistas a persoas que consideramos expertas.

Dada a situación de confinamento e as limitacións á mobilidade empregamos ferramentas on line e plataformas de traballo compartido como Google Drive e Slack. Para a xestión das enquisas empregamos Google Forms e, desde os concellos, distribuíuse o enlace por correo electrónico, por SMS e por WhatsApp.

A investigación de diagnose dividiuse en dúas partes. Por un lado, trátase de recoller a información máis relevante para a caracterización do territorio, con especial fincapé nos servizos e equipamentos municipais e a identificación dos plans que benefician á zona. E por outra banda, faise unha aproximación ao novo paradigma que ocasiona a pandemia e como inflúe na sociedade en xeral e na economía e o emprego en particular. Remátase este apartado cunhas conclusións que nos permiten identificar os aspectos facilitadores e limitadores á hora de emprender o plan de acción.

Na elaboración do plan de acción pártese da identificación de catro retos e a proposta de cinco eixos estratéxicos coas súas correspondentes liñas de acción. Ademais, engádesse o desenvolvemento de algunhas das accións que se consideran prioritarias dadas as achegas recibidas a través da participación.

Aínda que o plan ten vocación municipal, identifícanse necesidades e solucións que deben ser acometidas por entes diferentes aos concellos. Por iso se engade outro apartado coa relación de propostas que se deben presentar a outras administracións ou axentes que operan no territorio ou deciden sobre el. Destaca sobre todo a cobertura de Internet e as normativas xerais e sectoriais que afectan ao rural.

5_Diagnóstico da situación

5_1_Caracterización do territorio

5_1_1_Demografía

Neste apartado de Demografía estúdase a evolución desde o ano 1981 ata o 2019, a estrutura por sexo e idade e a distribución espacial. Non é un estudo exhaustivo, pero permítenos chegar ás seguintes conclusións, que deben ser tidas en conta á hora de establecer os retos de futuro e as accións do plan:


- territorio participante neste Plan, constituído por catorce municipios da Costa da Morte, ao que denominaremos abreviadamente CM-14, conta con 64.283 habitantes, que representan no 2019 o 5,74% da Coruña e o 2,38% de Galicia. Este peso provincial e autonómico presenta unha tendencia decrecente.
- A densidade de poboación é de 51 habitantes por km², moi por debaixo da densidade de Galicia (91hab/km²).
- Os concellos de CM-14 non superan os 8.000 habitantes. O 60% ten menos de 5.000. O territorio componse de concellos pequenos nos que salientan Vimianzo e Cee, con máis de 7.000 habitantes.
- Todos os concellos perderon poboación no período analizado (1981-2019). O territorio pasou de 92.898 habitantes en 1981 a 64.283 habitantes en 2019, unha baixada do 30%. Tan só no último trienio (2017-2019) diminuíu en 1.489.
- A poboación dos concellos conta cun 51% de mulleres e un 49% de homes. É unha sociedade feminizada con maior perda nos homes (-799) que nas mulleres (-690), comparando os datos do 2017 cos do 2019. Esta é unha tendencia que se rexistra desde anualidades anteriores.
- É unha poboación envellecida e superenvellecida. O 40% da poboación ten 60 anos ou máis (25.408 persoas), incrementándose a feminización nos grupos de idade máis avanzados. Ademais o 27% deste grupo conta con 80 ou máis anos (6.910 persoas).

5_1_1_1 Dinámica demográfica


Analizamos a dinámica demográfica a partir dos datos do IGE3. Facilitase información sobre a evolución do territorio CM-14 conxuntamente e de cada un dos concellos. Ademais, faise unha análise do último trienio (2017-2019) no que se corrobora que a tendencia no descenso de poboación é actual e tamén se ve o descenso no peso porcentual dentro da provincia e da comunidade autónoma.

3 IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes. Nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón.

- Gráfico coa evolución da poboación do territorio CM-14 entre 1981 e 2019



- Gráfico coa evolución da poboación de cada un dos catorce concellos de CM-14 entre 1981 e 2019



- Táboa cos datos de poboación dos concellos, territorio, provincia e comunidade entre 2017 e 2019


Fonte: IGE	2017	2018	2019
Cabana de Bergantiños	4347	4337	4248
Camariñas	5419	5322	5272
Carnota	4060	4031	3957
Cee	7539	7576	7546
Corcubión	1592	1578	1589
Dumbría	3053	3040	2983

Fisterra	4734	4701	4708
Laxe	3090	3084	3016
Malpica de Bergantiños	5518	5447	5391
Mazaricos	4014	3947	3885
Muxía	4852	4736	4657
Ponteceso	5613	5565	5502
Vimianzo	7270	7138	7057
Zas	4671	4581	4472
	2017	2018	2019
CM-14	65772	65083	64283
Provincia A Coruña	1120294	1119351	1119596
Galicia	2708339	2701743	2699499
	2017	2018	2019
% de CM-14 sobre a provincia	5,87	5,81	5,74
% de CM-14 sobre Galicia	2,43	2,41	2,38

5_1_1_2 Estrutura demográfica

Para achegarnos á estrutura demográfica do territorio analizamos a súa evolución por sexo nos últimos tres anos (2017-2019), estudamos a proporción dos grandes grupos de idade no territorio, comparamos cos datos da provincia e da comunidade e, por último, analizamos máis polo miúdo o grupo dos maiores de 60. Trátase dunha poboación superenvellecida e lixeiramente feminizada (2% de diferenza).

- Gráfica coa distribución da poboación por sexo entre os anos 2017 e 2019 no territorio CM-14




- Cadro coas cifras de poboación referidas ao ano 2019 por grandes grupos de idade nos concellos, o territorio, a provincia e Galicia

	<16	16-64	>64
Galicia	342.494	1.677.221	679.784
A Coruña	144.895	699.337	275.364

CM-14	6003	37879	20401
Cabana de B.	344	2.443	1.461
Camariñas	561	3.141	1.570
Carnota	308	2.129	1.520
Cee	1.003	4.633	1.910
Corcubión	162	1.023	404
Dumbría	232	1.779	972
Fisterra	500	2.991	1.217
Laxe	301	1.796	919
Malpica de B.	385	3.173	1.833
Mazaricos	260	2.216	1.409
Muxía	413	2.721	1.523
Ponteceso	526	3.186	1.790
Vimianzo	656	4.055	2.346
Zas	352	2.593	1.527


- Gráfica que representa a proporción sobre a poboación total dos grandes grupos de idade nos concellos, o territorio, a provincia e a comunidade autónoma



- Táboa que recolle a distribución da poboación maior de 60 anos por grupos de idade no territorio CM-14 no ano 2019

Idades	Total	%
De 60-64	5.007	20
De 65-69	4.738	19
De 70-74	4.906	19
De 75-79	3.847	15
De 80-84	3.341	13
De 85-89	2.286	9
De 90-94	1.000	4
De 95-99	243	1
100 e +	40	0
Total	25.408	100

- Gráfica que recolle a distribución da poboación maior de 60 anos por grupos de idade no territorio CM-14 no ano 2019



5_1_1_3 Distribución espacial

Estúdase a distribución espacial a través da densidade de poboación (habitantes por km²) e tamén a través do ratio habitantes por núcleo. Vemos que os 64.283 habitantes do territorio de referencia se distribúen en 1.263,40 km², nos que se asentan 952

núcleos de poboación que, á súa vez, forman parte de 122 parroquias. Comprobamos que existen grandes diferenzas entre concellos e, así, Corcubión rexistra a maior densidade, con 244,46 hab/km², e Mazaricos a menor, con 20,74hab/km².

Comprobamos que a densidade do territorio, de 50,88 hab/km², está moi por debaixo da provincial (140,82) e da galega (91,28). O mesmo sucede se analizamos o ratio de habitantes por núcleo. Malia isto, existen grandes diferenzas entre municipios, sendo os da costa os que rexistran maior densidade e maior concentración.

	Habitantes	Km ²	Hab/Km ²	Núcleos	Parroquias	Hab/núcleo
Cabana de Bergantiños	4.248	100,20	42,40	145	10	29,30
Camariñas	5.272	51,60	102,17	26	4	202,77
Camota	3.957	70,90	55,81	51	5	77,59
Cee	7.546	57,50	131,23	49	6	154,00
Corcubión	1.589	6,50	244,46	7	2	227,00
Dumbría	2.983	125,20	23,83	72	7	41,43
Fisterra	4.708	29,40	160,14	24	4	196,17
Laxe	3.016	36,80	81,96	39	6	77,33
Malpica de Bergantiños	5.391	61,20	88,09	62	8	86,95
Mazaricos	3.885	187,30	20,74	96	12	40,47
Muxía	4.657	124,20	37,50	102	14	45,66
Ponteceso	5.502	92,00	59,80	73	14	75,37
Vimianzo	7.057	187,30	37,68	108	14	65,34
Zas	4.472	133,30	33,55	98	16	45,63
CM-14	64.283	1.263,40	50,88	952	122	67,52
A Coruña	1.119.596	7.950,40	140,82	10.485	926	106,78
Galicia	2.699.499	29.574,40	91,28	30.212	3.772	89,35

- Táboa co ranking de concellos de CM-14 en función da densidade de poboación (2019)

Concello	Hab / Km ²
Corcubión	244,46
Fisterra	160,14
Cee	131,23
Camariñas	102,17
Malpica de Bergantiños	88,09
Laxe	81,96
Ponteceso	59,80

Carnota	55,81
Cabana de Bergantiños	42,40
Vimianzo	37,68
Muxía	37,50
Zas	33,55
Dumbría	23,83
Mazaricos	20,74

- Táboa co ranking de concellos de CM-14 en función do ratio que mide habitantes por núcleo(2019)

Concello	Hab / Núcleo	Hab / km ²
Corcubión	227,00	244,46
Camariñas	202,77	102,17
Fisterra	196,17	160,14
Cee	154,00	131,23
Malpica de Bergantiños	86,95	88,09
Carnota	77,59	55,81
Laxe	77,33	81,96
Ponteceso	75,37	59,80
Vimianzo	65,34	37,68
Muxía	45,66	37,50
Zas	45,63	33,55
Dumbría	41,43	23,83
Mazaricos	40,47	20,74
Cabana de Bergantiños	29,30	42,40


5_1_2 Mercado de traballo e actividade económica

5_1_2_1 Afiliación

- En marzo de 2020 o territorio contaba con 15.080 persoas traballadoras. Un 4% do total de afiliación á Seguridade Social da provincia da Coruña. Cun descenso de 12persoas na afiliación dos concellos respecto a febreiro.
- A perda de afiliación nun ano (de marzo de 2019 a marzo de 2020) foi de 668 persoas. Máis acusada nas persoas traballadoras por conta allea e nos autónomos.
- As afiliacións do sector mar en marzo de 2020 son o 23% das afiliacións da provincia da Coruña o que evidencia o peso deste sector.
- A distribución de afiliación por sectores amosa case que unha igualdade do peso dos traballadores e traballadoras por conta allea e os autónomos. Visibilizando unha estrutura empresarial fundamentalmente de pequenas

empresas con pouca capacidade de contratación. E unha capacidade de contratación moi estacional e temporal. Con subidas e baixadas dependendo da estacionalidade das industrias de maior emprego de persoal (conserveiras) e das necesidades na tempadas altas e medias do sector hostalaría turismo.

- As afiliacións ao réxime de mar, agrario e fogar só acadan o 13% do total de persoas traballadoras do territorio.
- O número de persoas contratadas por conta allea é só un 1% superior aos autónomos o que evidencia a limitada capacidade de contratación por parte da maioría das empresas do territorio.




Afiliación	R. Xeral	Agrario	Fogar	Mar	Autónomos	Total
Mar-20	6.712	254	176	1.488	6.450	15.080
Febreiro 2020	6.765	265	180	1.434	6.448	15.092
Decembro 2019	6.948	258	183	1.402	6.494	15.285
Mar-19	7.167	255	202	1.533	6.591	15.748
Descenso 12 meses (marzos)	-455	-1	-26	-45	-141	-668

5_1_2_2 Desemprego


Para aproximarnos á parte da poboación activa que demanda emprego baseámonos nas estatísticas de demandantes de emprego a partir dos datos que facilita o Observatorio das Ocupacións do SEPE⁴.

⁴ Servizo Público de Emprego Estatal. D.P. da Coruña. Estatísticas de paro rexistrado. Marzo 2020.

- No territorio de referencia (CM-14) o número de mulleres inscritas como demandantes de emprego supera ao de homes, son o 60% fronte ao 40%.
- En canto á idade, o 60% das persoas demandantes de emprego contan con 45 ou máis anos.
- No 2020 apréciase un descenso das cifras de paro nos meses de xaneiro e febreiro, comparando co mesmo período do ano anterior. No mes de marzo é superior con respecto ao pasado exercicio.
- Gráfico coa evolución das cifras de demandantes de emprego desde decembro de 2009 ata marzo de 2020



- Gráfico coa distribución da cifra de demandantes de emprego por sexo e idade no territorio CM-14 en marzo de 2020




- Táboa coas cifras de demandantes inscritos en marzo de 2020 por concello e sector económico

	Agric+pesca	Industria	Constr	Servizos	Sen act	Total
Cabana de Bergantiños	8	62	30	147	16	263
Camariñas	24	38	39	229	22	352
Carnota	16	41	31	135	7	230
Cee	23	69	44	398	36	570
Corcubión	2	9	9	84	7	111
Dumbría	7	27	24	174	10	242
Fisterra	18	15	25	272	23	353
Laxe	4	32	33	144	15	228
Malpica de Bergantiños	11	95	28	156	11	301
Mazaricos	15	14	49	88	2	168
Muxía	10	32	26	186	22	276
Ponteceso	11	65	36	158	20	290
Vimianzo	24	74	59	205	19	381
Zas	8	40	41	135	12	236

- Táboa coas cifras de demandantes inscritos no territorio CM-14 e na provincia por sexo e sector económico

	Agric+pesca	Industria	Constr	Servizos	Sen act	Total
CM-14 total	181	613	474	2.511	222	4001
CM-14 homes	128	205	436	787	64	1620
CM-14 mulleres	53	408	38	1.724	158	2381
A Coruña_total	1.689	7.299	6.215	48.645	5.536	69384
A Coruña_Homes	1.248	3.639	5.568	17.659	1.928	30042
A Coruña_mulleres	441	3.660	647	30.986	3.608	39342

- Gráfico coas cifras de demandantes inscritos no territorio CM-14 e na provincia por sector económico



5_1_2_3 Sectores económicos e tecido empresarial

Análise do tecido empresarial

Os datos do INE amosan un tecido empresarial composto no ano 2019 por 4.579 empresas (68 máis que no ano 2018). Do conxunto dos concellos só Ponteceso perde 5 empresas mentres atopamos un crecemento por riba das 10 empresas nos concellos de Camariñas (18), Mazaricos (14) e Laxe (11).

Presenta pois unha recuperación do tecido empresarial, tendencia lenta pero sostida nos últimos anos.

- O sector servizos é quen máis medrou cun incremento de 66 novas empresas. A construción incrementouse en 14 actividades, as actividades técnicas e profesionais engadéron 12 ao igual que as de educación, sanidade e servizos sociais.
- As que sufriron perdas foron o comercio (7) industria (5) e actividades financeiras e de seguros (1).
- O tecido empresarial adícase ao comercio, transporte e hostalería na súa maioría (43,85%), a servizos(24,20%) e construción(22,25%) e a industria ten menor presenza cun 9,70%.

- O sector industrial vincúlase aos recursos dos territorios (conserveiras, enerxías, explotacións mineirais, agroindustrias...)
- O incremento das necesidades de servizos (profesionais, atención sociosanitaria, turísticos, mellora da calidade de vida...) amosa un territorio cun crecemento fortemente vinculado á demanda e necesidades das persoas e á terciarización.

Sectores CNAE	2019	2018	Diferencia
Industria	444	449	-5
Construción	1.019	1.005	14
Comercio, transporte, Hostalería	2.008	2.015	-7
Servizos	1.108	1.042	66
TOTAL	4.579	4.511	68

Sectores	Total	%
Industria	444	9,70
Construción	1.019	22,25
Comercio, transporte, Hostalería	2.008	43,85
Servizos	1.108	24,20
TOTAL	4.579	100,00

Análise do sector agrogandeiro e forestal⁵

A superficie forestal representa case dous tercios do territorio e a superficie agraria útil arredor dunha cuarta parte.

A explotación forestal céntrase no eucalipto e no pino e existe transformación en serradoiros, aínda que o número deles diminuíu nos últimos anos.


Destaca no territorio a vocación gandeira de vacún para a produción de leite. No cadro que amosamos a continuación véase a evolución entre o 2002 e o 2018, observándose un descenso en todos os parámetros. Pero, convén facer a aclaración de que se produciu unha desaparición das explotacións máis pequenas e un redimensionamento das máis grandes, plasmado en innovación de procesos e profesionalización.

A partir dos datos do IGE⁶ elaboramos unha táboa que recolle, o número de explotacións en gando nos anos 2002 e 2018 para ver a evolución.

⁵ Tómanse de referencia para este apartado algunhas estatísticas e conclusións do diagnóstico da EDLP do GDR Costa da Morte 2014-2020. A maioría dos datos están referidos a 2015.

⁶ IGE. Efectivos e explotacións de gando bovino. Información ata o nivel de desagregación municipal. Número de explotacións e número de bovinos

- Gráfico coa evolución do número de explotacións e gando bovino entre 2002 e 2018



- Táboa coa evolución do número de explotacións e gando bovino entre 2002 e 2018 por concello do territorio CM-14

	Nº explotacións	Nº bovinos	Nº vacas	Nº vacas muxidura	Nº vacas non muxidura	Outros bovinos
Cabana de Bergantiños						
2002	297	3620	2775	1827	948	845
2018	103	2970	1682	1300	382	1288
Laxe						
2002	126	802	577	202	375	225
2018	27	335	214	122	92	121
Malpica de Bergantiños						
2002	162	2396	1690	810	880	706
2018	73	1719	934	351	583	785
Ponteceso						
2002	247	3599	2778	2296	482	821
2018	91	3674	2199	1909	290	1475

Cee						
2002	138	1137	753	212	541	384
2018	45	597	331	51	280	266
Corcubión						
2002	6	25	16	1	15	9
2018	4	18	10	0	10	8
Dumbría						
2002	365	6450	4941	3546	1395	1509
2018	170	5654	3219	2668	551	2435
Fisterra						
2002	65	303	200	53	147	103
2018	16	145	70	0	70	75
Muxía						
2002	417	6644	4888	3161	1727	1756
2018	223	6364	3663	2715	948	2701
Carnota						
2002	44	247	192	119	73	55
2018	7	51	35	1	34	16
Camariñas						
2002	50	176	126	13	113	50
2018	12	66	34	2	32	32
Vimianzo						
2002	588	8145	6580	5171	1409	1565
2018	240	8551	4533	3719	814	4018
Zas						
2002	500	8858	6751	5473	1278	2107
2018	229	6129	3439	2765	674	2690
Mazaricos						
2002	739	20367	16135	13773	2362	4232
2018	438	23535	12767	11203	1564	10768

Análise do sector da pesca, marisqueo e acuicultura

No territorio CM-14 hai once lonxas: Carnota (Pindo e Lira), Corcubión, Fisterra, Camariñas (Camariñas e Camelle), Ponteceso (Corme), Laxe, Malpica, Muxía e Cabana de Bergantiños (río Anllóns). O peixe é o principal grupo de especies que se descargan.

Segundo datos da Consellería do Mar de 2016, no territorio existen 414 embarcacións.

Ademais, é de destacar a actividade marisqueira, na que se rexistran 289 permisos no ano 2019, algo máis da metade dos que había no 2001.

- Evolución do número de permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupación de mariscadores

	2001	2019
Agrupación mariscadores Río Anllóns	50	30
Confraría de Camariñas	107	63
Confraría de Corcubión	26	16
Confraría de Corme (Ponteceso)	68	23
Confraría de Fisterra	70	13
Confraría de Laxe	20	2
Confraría de Lira (Carnota)	61	25
Confraría de Malpica	31	30
Confraría de Muxía	64	43
Confraría de O Pindo (Carnota)	22	44
CM-14	519	289
Consellería do Mar. Pescadegalicia.com		
I.G.E. - Instituto Galego de Estatística		

As augas do Atlántico atraeron a implantación na zona de plantas de rodaballo en Camariñas, Merexo e Lira.

Análise da actividade turística

O territorio forma parte do xeodestino Costa da Morte, para o que se deseñou o Plan de Acción para o Turismo da Costa da Morte 2019-2021.

Á oferta tradicional de pensións, hotéis e turismo rural, nos últimos anos tiveron un auxe destacado os albergues e as vivendas de uso turístico, apartamentos turísticos e vivendas turísticas. Segundo o estudo realizado desde o xeodestino, a Costa da Morte conta con 11.304 prazas distribuídas en 958 establecementos, que se concentran prioritariamente na costa e na contorna do Camiño a Fisterra e Muxía.

5_1_2_4 Xacementos de emprego

Da análise realizada e as achegas recibidas no proceso de participación extráese a existencia de xacementos de emprego que se poden desenvolver a partir das seguintes áreas de actividade:

Sector Primario

- Sector forestal (biomasa, aproveitamentos do monte)
- Produción e comercialización dos produtos do mar, cárnicos, leiteiros ou de horta
- Actividades de especialización en tarefas relacionadas coas explotacións de leite

Turismo verde

- Novas preferencias do cliente e a oferta de servizos menos masificados vinculados á natureza ou ás necesidades de servizos do peregrino.
- Actividades de posta en valor do medio natural

Servizos

- Os servizos a domicilio para maiores, dependentes e outros colectivos é unha oportunidade para actividades como perruquerías, estéticas, nutrición..., así como os servizos sociosanitarios de apoio a persoas maiores)
- Loxística territorial empresarial (cadea de subministro, cubre xestión e planificación das compras, produción, transporte, almacenaxe e distribución.)

Industria

- Industria agroalimentaria (produtos sector primario)
- Residuos, reparación e reciclaxe
- Enerxías alternativas
- As artesanías vinculada ao turismo e con espazos de venda en colaboración con comercios ou aloxamentos

Comercio Online

- Comercio electrónico e venda a domicilio

5_1_3 Organización e equipamentos do territorio

5_1_3_1 Servizos e equipamentos para o desenvolvemento económico

Achegámonos á capacidade municipal, técnica e de infraestruturas, a través do seguinte cadro. Todos os concellos contan con persoal técnico de Desenvolvemento Local ou Promoción Económica e existen un conxunto de infraestruturas e outros servizos sobre os que se poden artellar accións de dinamización do emprendedorísimo e tamén a reorientación de empresas.

- Cadro: Recursos de apoio á promoción económica e ao emprego en cada concello

Recursos	14	16	20	23	28	34	37	40	43	45	52	68	92	93
Aula informati/tel ecen	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Aulas para actividades	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Coworking	Si	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Parque/pol. Industrial	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Si	Si	Si

Viveiro empresa	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Centro formación	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Non
Orientación laboral	Si	Si	Si	Si	Non	Non	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Si	Si
AEDL e/ou promoción ec.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si

5_1_3_2 Plans zonais e outros apoios ao territorio

O territorio CM-14 forma parte do xeodestino Costa da Morte e estes concellos beneficianse de varios plans zonais:

1. Estratexia de desenvolvemento local participativo do Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte
2. Estratexia de desenvolvemento local participativo do GALP Costa da Morte
3. Estratexia de desenvolvemento local participativo do GALP Costa Sostible
4. Plan de acción para o turismo da Costa da Morte 2019-2021

Ademais, existen outros plans e programas que benefician aos axentes do territorio e que se relacionan no Anexo de axudas.

5_1_4 Medio Físico

O territorio do Plan está situado no noroeste da Península Ibérica, a carón do Atlántico. Ocupa 1263,40 Km². Dos catorce concellos, once lindan co mar.

Distribución municipal das terras


Case dous tercios do espazo do territorio está ocupado por terreos forestais. A continuación refléxase a distribución por concellos.

- Anexo IV. Distribución municipal de terras 2019 Fonte: Consellería do Medio Rural

Concello	Forestal Total	Outras Superficies	S. Total Concello	Sup. de Cultivo e Prado / Sup. Total	Forestal/ Sup. Total
----------	----------------	--------------------	-------------------	--------------------------------------	----------------------

Cabana de Bergantiños	7.124	929	10.023	0,20	0,71
Laxe	2.551	505	3.678	0,17	0,69
Malpica de Bergantiños	3.513	933	6.122	0,27	0,57
Ponteceso	6.184	1.142	9.197	0,20	0,67
Cee	4.221	356	5.745	0,20	0,73
Corcubión	458	68	652	0,19	0,70
Dumbría	7.556	2.088	12.519	0,23	0,60
Fisterra	1.986	258	2.943	0,24	0,67
Muxía	8.592	669	12.119	0,24	0,71
Carnota	5.118	1.537	7.090	0,06	0,72
Camariñas	3.861	925	5.160	0,07	0,75
Vimianzo	12.583	2.372	18.727	0,20	0,67
Zas	7.408	1.879	13.329	0,30	0,56
Mazaricos	9.082	2.042	18.730	0,41	0,48
CM 14 (HA)	80.237	15.704	126.033	0,12	0,64
CM 14 (km2)	802,37	157,04	1260,3		

- Gráfico coa distribución municipal das terras en función do seu uso no ano 2019



Clima

O clima da Costa da Morte é oceánico, con temperaturas suaves todo o ano. Os meses máis fríos son os de decembro, xaneiro, febreiro e marzo, aínda que as temperaturas medias se moven entre os 6° e os 10°. Non é zona de neve aínda que pode haber xeadas nos días máis fríos, sobre todo na zona interior. As temperaturas máis altas rexístranse nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, con temperaturas medias comprendidas entre os 18° e os 24°. As choivas son frecuentes, sobre todo no outono e no inverno. Mención destacada merecen o vento, os temporais e as borraxeiras. Condicionan o vivir das xentes e son unha parte do nome Costa da Morte.

Non podemos esquecer o cambio climático e as previsións de futuro para a zona. Nas proxeccións ata o ano 2100 espérase un aumento da temperatura máxima de ata uns 4 graos, un aumento do número de días cálidos de un 35% e unha redución nos días de choiva nuns 35 días.

Litoral e occidentalidade

A situación noroccidental na Península Ibérica e o Atlántico conferiron illamento por terra e apertura a culturas do norte e do sur, ademais do tráfico con América, por mar. Esta singularidade complétase co feito de acoller o último raio de sol da Europa Continental en dous períodos do ano (MIRA,2016).

O litoral é fonte de riqueza a través da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Ofrece numerosas praias, de mar aberto e abrigadas en rías, que se interrompen con acantilados graníticos. Ao mar débense os numerosos naufraxios que forman parte da lenda negra destas terras e parte da oferta de gastronomía Atlántica.

Ríos e paisaxe

Catro grande ríos atravesan o interior da Costa da Morte: o Anllóns, o Grande ou Porto, o Castro e o Xallas. Neles verten as súas augas numerosos afluentes que conforman unha ampla rede fluvial.

A xeomorfoloxía ten tres expoñentes no Monte Pindo (Dumbría e Carnota), os Penedos de Pasarela e Traba (Vimianzo e Laxe) e a zona comprendida entre o Cabo Vilán e Camelle (Camariñas).

Flora e fauna

A diversidade de ecosistemas e a proximidade do mar fan interesante a esta zona desde varios puntos de vista. Na área da Rede Natura existen catalogadas especies vexetais e animais e ademais é zona de interese ornitolóxico.

Por outra banda, a riqueza fluvial e das zonas boscosas, fan que a caza e a pesca se poidan practicar nos diferentes cotos.

Espazos protexidos

A Costa da Morte está incluída na Rede Natura 2000, que é a rede de espazos naturais protexidos a escala da UE creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves.

Contamos ademais cos Penedos de Pasarela e Traba, que están declarados paisaxe protexida polo Decreto 294/2008, de 11 de decembro, polo que se declaran paisaxe protexido os Penedos de Pasarela e Traba.

5_1_5 Renda dispoñible e produto interior bruto

A renda dispoñible bruta⁷ é o saldo da conta de distribución secundaria da renda. Obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son o recurso para os fogares, e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes que son un emprego para os fogares. É un indicador que nos permite achegarnos ao nivel de benestar das familias. A continuación amósase unha gráfica coa súa evolución desde o ano 2000 ata o 2017. Compróbase unha tendencia á alza e tamén que a renda dos habitantes do territorio está por debaixo do nivel provincial e autonómico en todos os concellos. Engádesse unha táboa cos datos do ano 2000 e o 2017 para todos os concellos, a provincia e a comunidade autónoma analizando a variación.


Táboa que recolle a Renda dispoñible por habitante nos concellos de CM-14, na provincia e na comunidade, analizando o incremento.

	2000	2017	Incremento	
			Diferencia	%
Cabana Bergantiños	6.659	11.771	5.112	76,77
Camariñas	6.187	10.680	4.493	72,62
Carnota	6.640	11.522	4.882	73,52
Cee	8.256	12.575	4.319	52,31
Corcubión	7.584	14.254	6.670	87,95
Dumbría	6.239	10.309	4.070	65,23

⁷ Fonte: elaboración propia a partir do IGE. Renda municipal dos fogares. Revisión estatística 2019. Serie 2010-2017. Datos provisionais.

Fisterra	6.103	12.239	6.136	100,54
Laxe	7.032	11.822	4.790	68,12
Malpica	7.315	12.251	4.936	67,48
Mazaricos	6.577	11.490	4.913	74,70
Muxía	6.281	11.009	4.728	75,27
Ponteceso	7.619	12.653	5.034	66,07
Vimianzo	6.924	11.857	4.933	71,24
Zas	6.861	12.026	5.165	75,28
A Coruña	9.663	15.483	5.820	60,23
Galicia	9.189	14.643	5.454	59,35

- Gráfico con a evolución da renda dispoñible bruta nos concellos CM.14, a provincia e a comunidade entre 2000 e 2017



O produto interior bruto⁸ é un concepto macroeconómico que mide o valor dos bens e servizos producidos no espazo durante o período de tempo. Permite achegarnos á capacidade de xerar riqueza do territorio. A continuación recolleemos os datos referidos ao territorio CM-14, a provincia e a comunidade para o ano 2016 e unha gráfica coa evolución desde o 2010 ata o 2016. Vemos que os datos de Dumbria e Cee, onde están asentadas as factorías de Ferroatlántica, superan o nivel autonómico. O seguinte


⁸ Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE. *Produto interior bruto municipal. Base 2010.*

concello no ranking é Mazaricos e os datos do resto dos municipios están moi por debaixo da provincia e de Galicia.

- Produto Interior Bruto dos municipios de CM-14, A Coruña e Galicia e porcentaxes.

2.016 Concello	PIB TOTAL		PIB/HAB	
	miles €	€	% A Coruña	% Galicia
Cabana B	52.230	11.502	47,28	52,94
Camariñas	74.446	12.889	52,98	59,32
Carnota	57.003	12.973	53,33	59,71
Cee	171.988	22.553	92,70	103,80
Corcubión	25.323	15.200	62,48	69,96
Dumbría	74.269	21.915	90,08	100,87
Fisterra	58.215	11.885	48,85	54,70
Laxe	35.435	10.777	44,30	49,60
Malpica	76.199	13.280	54,59	61,12
Mazaricos	82.095	18.645	76,64	85,81
Muxía	67.320	13.357	54,90	61,48
Muros	100.340	11.279	46,36	51,91
Ponteceso	84.232	14.654	60,24	67,45
Vimianzo	115.402	15.099	62,06	69,49
Zas	67.908	13.730	56,44	63,19
Galicia	58.994.431	21.727	89,31	100,00
A Coruña	27.319.915	24.328	100,00	111,97
CM-14	1.142.405			
% A Coruña	4,18			
% Galicia	1,94			

- Gráfica coa evolución do PIB/hab nos concellos de CM-14, a provincia e Galicia entre o 2010 e o 2016



5_2 Situación ocasionada pola pandemia do COVID-19

As consecuencias do confinamento e paralización das actividades non esenciais ocasionan ao tecido socioeconómico graves problemas e dificilmente mensurables ata que se produza o remate do estado de alarma.

Para achegarnos ás consecuencias desta crise sanitaria no tecido empresarial dos 14 concellos participantes realizouse una enquisa ás empresas entre os días 20-24 de abril de 2020. O número de empresas participantes foron 604, un 13% del total de empresas do territorio segundos datos do INE de 2019.


O informe completo desta enquisa pódese consultar nos anexos. As conclusións podemos resumilas en:

- No que se refire á actividade desenvolvida polas empresas consultadas a tipoloxía é moi variada pero en termos cuantitativos son a hostalaría e o

comercio os sectores con máis número de respostas. Sectores con maior impacto polo peche de establecementos e que tamén foron identificados na enquisa realizada aos profesionais de desenvolvemento local.

- Nas empresas con menor número de traballadores contratados (0 a 3 contratos) o impacto no emprego foi menor.
- Case un tercio das empresas enquisadas non solicitou nin ten previsto solicitar a prestación extraordinaria por cese de actividade.
- Case un 70% non solicitou nin ten previsto solicitar un ERTE
- Un 63% non solicitou nin ten pensado solicitar crédito subvencionado
- Tan só un 30% dos enquisados continuaron desenvolvendo a súa actividade.
- En termos de caída de facturación máis da metade das empresas enquisadas non tiveron ningún tipo de actividade.
- 80% dos enquisados consideran que o volume de actividade será moi escaso unha vez esgotado o prazo estipulado como estado de alarma. Un 30% dos enquisados está considerando a posibilidade dun peche definitivo da actividade empresarial.
- No que se refire a accións públicas de apoio empresarial as empresas enquisadas consideran como de maior utilidade as liñas de subvencións a fondo perdido e a supresión temporal de impostos ou cotizacións.

- Gráfico de intención de solicitude da prestación extraordinaria por cese de actividade



Situacións observadas:

- Peche do comercio non esencial ten danado a gran parte do sector do territorio ao igual que as actividades relacionadas co turismo (hostalería, aloxamentos, actividades e servizos turísticos, actividades vinculada a feiras e festexos..) que neste ultimo caso enfróntase a un horizonte de recuperación a longo prazo.

- Por outra banda, as actividades esenciais vinculadas á alimentación foron reforzadas e impulsou a produción e comercialización dos produtos locais con maior intensidade que nunca.
- Tamén se reforzaron os servizos para a empresa (xestorías, transporte, distribución...) e a industria agroalimentaria e os servizos vinculados á sanidade, as limpeza e desinfeccións e os servizos públicos.
- As características de microempresas e estacionalidade, a desconfianza no futuro e a deficiente xestión financeira e económica das empresas poden ter dificultado o acceso ás medidas de axuda para as empresas emitida polo goberno. O que reforza a necesidade de apoio das administracións locais, máis adaptadas ás necesidades para a supervivencia da microempresa. Son as axudas a fondo perdido e as que compensan os gastos correntes e de taxas ou impostos, os máis demandados polo tecido empresarial.
- As necesidades do confinamento e a crise Covid-19 pon de relevo a necesidade de reforzar o autoabastecemento e a territorialización dos recursos para limitar a dependencia do exterior para satisfacer as necesidades básicas locais, cun papel de liderazgo dos concellos.
- As redes de apoio locais amosan ser esenciais para a supervivencia dos territorios e elementos de solidariedade que acadaron altos niveis de efectividade ante esta crise.
- Os novos hábitos e estilos de vida que se estableceron poden prolongarse no tempo modificando as costumes sociais: prioridade da saúde, o distanciamento social como prevención, a necesidade dun fogar con capacidade para albergar funcións non tradicionais como o traballo, actividades deportivas e lecer... Tamén se consolida a necesidade de reducir as aglomeracións e multitudes e coidar os grupos reducidos e o respecto polo medio natural.
- A consciencia da necesidade e carencia dos territorios que non contan con conectividade on line suficiente, internet e banda ancha nos territorios e equipamento para as novas necesidades de teletraballo, formación on line, apoio a distancia, saúde monitorizada, venda on line, xuntanzas empresariais...
- desenvolvemento urxente de comercio e servizos a domicilio ou on line.
- A necesidade I+D para o mundo actual e post-covid. Tanto no ámbito sanitario, na reconversión e flexibilidade das empresas para impulsar novos procesos e produtos...
- A importancia dos espazos rurais como provedores de produtos e servizos de primeira necesidade, como garante de ecosistemas naturais protectores da saúde e da vida, como cinturóns contedores e freadores de contaxios e enfermidades...
- Capacidade poboacional para artellar sistemas de comercialización de produtos locais (máis de 60.000 habitantes potenciais consumidores).

A continuación recolleemos algunhas das medidas de choque realizadas polos concellos ante a pandemia, tanto para atender as necesidades da poboación na etapa de confinamento como para apoiar ao empresariado.

- Medidas realizadas e previstas polos concellos ante a pandemia

Medidas	14	16	20	23	28	34	37	40	43	45	52	68	92	93
Inf. Especifica Covi en web municipal	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Promoción empresas en redes concello	No n	Si	No n	Pre v	No n	Pre v	Si	No n	Si	Si	Pre v	Si	Si	No n
Servicio de reparto de compra para persoas maiores/soas	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Axudas para compensar gastos das empresas afectadas (taxas e impostos municipais)	No n	Pre	No n	Pre v	No n	Pre v	Pre v	No n	Pre v	Pre v	Pre v	No n	Pre v	Pre v
Actualizacións de guías empresas dos concello (publicación)	No n	Si	No n	Pre v	No n	No n	No n	No n	Si	Si	Pre v	No n	Si	Pre v

5_3 Conclusións

As conclusións sobre a situación dos 14 concellos da Costa da Morte participantes no Plan son:

- A poboación en 2019 é de 64.283 habitantes, feminizada (51%) característica que se incrementa a partir dos 59 anos.
- Os concellos son todos menores de 8.000 habitantes e teñen perdas acusadas e progresivas de poboación. Son pequenos concellos rurais con dispersión da poboación en parroquias e aldeas.
- O 40% da súa poboación ten 60 ou máis anos o que implica envellecemento e falta de poboación moza e relevo xeracional
- O tecido empresarial amosa incrementos ao logo dos últimos meses, impulsado polo sector servizos. O sector do mar vai en descenso pero aínda ten un peso importante neste sector provincial.
- No sector primario agropecuario destaca a actividade gandeira na produción de leite, no que se está producindo unha modernización, profesionalización e aumento do tamaño das explotacións.
- Case dous tercios do territorio son zona forestal, con vocación prioritaria na produción de eucalipto e pino.
- A actividade pesqueira e marisqueira experimentou unha baixa de efectivos nos últimos anos. Malia isto, son a base do dinamismo de outras empresas vinculadas ao sector pesqueiro e marisqueiro (conserveiras, conxelados, transporte...).

- O tecido industrial é reducido con vinculacións cos recursos territoriais.
- A distribución da afiliación amosa unha reducida capacidade de creación de emprego por conta allea e unha alta porcentaxe de autónomos. O que caracteriza a un territorio atomizado con microempresas fundamentalmente do sector comercio e hostalaría.
- A terciarización da estrutura económica está impulsada por servizos profesionais relacionados coa educación e os servizos sociais, xacemento de emprego moi vinculado á atención das persoas maiores.
- A zona, encadrada no xeodestino Costa da Morte, conta con recursos turísticos importantes relacionados coa natureza e a cultura. A prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, a rede de xacementos arqueolóxicos, os museos e centros de interpretación, o Camiño dos Faros e o Atlántico son unha parte destacada da oferta.
- O desemprego presenta un descenso progresivo ao longo dos anos. Con descensos na época de verán. Os contratos temporais e a tempo parcial son característicos dos sectores con maior contratación (comercio, turismo, conserveiras...).
- O desemprego afecta en maior medida ás mulleres que son tamén maioritaria no sector servizos que presenta case o 67% do desemprego do territorio.
- Con respecto á renda dispoñible bruta, indicador que nos permite coñecer o nivel de benestar das familias, aínda que tivo unha evolución á alza, en concordancia cos datos da provincia e de Galicia, os datos reflexan que a renda dos habitantes do territorio está por debaixo dos niveis provincial e autonómico en todos os concellos e durante todo o período analizado (entre 2000 e 2017).
- Con respecto ao Produto Interior Bruto, que permite analizar a capacidade de xerar riqueza do territorio, observamos que os datos de Dumbría e Cee, onde están asentadas as factorías de Ferroatlántica, superan o nivel autonómico. O seguinte concello no ranking é Mazaricos e os datos do resto dos municipios están moi por debaixo da provincia e de Galicia. Ademais, o territorio representa o 4,18% do PIB provincial e o 1,94% do autonómico.

6 Aspectos limitadores e facilitadores

6_1 Aspectos limitadores

- Dinámica reductiva da estrutura poboacional (envellecemento que afecta a poboación de risco para Covid_19, falta de relevo xeracional, perda de poboación..)
- Débil estrutura económico-empresarial ou modelo produtivo (baixas rendas familiares, atomización empresarial, estacionalidade dos principais sectores, limitacións da oferta e condicións do solo industrial, e as relacionadas coa capacitacións, reducida capacidade de I+D no territorio, excesiva dependencia da economía co turismo estacional e sectores vinculados a atracción de clientela externa)
- Carencias no mercado laboral (cualificación, excesiva temporalidade da oferta de emprego, desmotivación polo emprego en determinados sectores de persoas desempregadas, falta de harmonización entre oferta/demanda de emprego, ineficacia de sistemas de captación de traballadores/as)
- Debilidades tecnolóxicas: falta de internet banda ancha, dotación de TIC's, capacidades tecnolóxicas de empresas e cidadanía.
- Capacidade demostrada de autoabastecemento alimentario territorializado
- Marca e identidade Costa da Morte compartida e interiorizada por todo o territorio

6_2 Aspectos facilitadores

- Reducido impacto do Covid-19 facilitado pola dispersión da poboación, a distancia de centros metropolitanos de Galicia, a tempada baixa turística na que se produciu o inicio de estado de alarma e resposta da cidadanía, redes de apoio e administración local.
- Antecedentes de traballo e dinámicas intermunicipais e público-privada en proxectos de formación-emprego, emprendemento, proxectos con fondos europeos, turismo...
- Servizos públicos destinados ao emprego, empresa e emprendemento municipais e equipamentos como parques industriais, aulas-centros telemáticos públicos e centros de formación
- Implicación das administracións públicas no artellamento de medidas de apoio ao tecido empresarial, a formación e a cidadanía

- Parque de vivendas dispoñibles en toda a Costa da Morte pode ser un elemento atractor e aproveitado para estratexias de retorno e ocupación por novos e novas persoas e profesionais.
- Calidade medioambiental e pluralidade de recursos propios de alta calidade e capacidades: terra, gandeiría, forestal, mar, artesanías, patrimonio material e inmaterial...)
- Capacidade para autoconsumo e desenvolvemento enerxías limpas: biomasa, eólica, solar, mareas...
- Máis de 60.000 habitantes potenciais consumidores de produto local e máis de 20.000 persoas maiores de 65 anos potenciais demandante de servizos especializados para atención socio-sanitarias e de mellora da calidade de vida.
- Artellamento social cun tecido importante de asociación (culturais, deportivas, turísticas, empresariais...) con alta capacidade de organización e xestión

7_Plan de acción

7_1 Visión estratéxica

- **Misión**

Ofrecer propostas de acción ás entidades locais de cara a reactivar e consolidar a actividade económica e o emprego, para acometer con recursos propios ou en concertación con outros axentes, tendo en conta as características do territorio e o novo paradigma desencadeado pola crise sanitaria do Coronavirus, desde un punto de vista sustentable, respectuoso coa identidade do territorio e a súa ruralidade e garantindo un modelo de gobernanza.

- **Visión**

Consolidación dun modelo de desenvolvemento territorial para a Costa da Morte baseado no talento, os recursos endóxenos, a gobernanza, cunha pirámide demográfica rexuvenecida e cun rural habitado e activo.

- **Valores**

- Desenvolvemento sostible desde o punto de vista económico, social e medioambiental.
- Desenvolvemento humano e endóxico.
- Consideración dos efectos do cambio climático.
- Preservación da identidade do territorio.
- Solidariedade interxeracional.
- Consideración aos diferentes axentes que operan no territorio ou inflúen nel.
- Igualdade e non discriminación.
- Adaptación ás competencias e recursos dos municipios

Retos

- **Reto 1. Economía e emprego**

Recuperación e mantemento da actividade económica e do emprego a través da satisfacción das tradicionais e das novas demandas, con base no uso sustentable dos recursos do territorio

- **Reto 2. Territorio**



Desenvolvemento e potenciación do territorio como espazo no que asentarse e creador de riqueza, tendo en conta o seu carácter rural e costeiro

- **Reto 3. Demografía**

Estructura demográfica con menos porcentaxe de persoas maiores de 60 anos e máis persoas en idade activa

Reto 4. Intelixencia territorial

Gobernanza e talento enfocados ao desenvolvemento sostible coa integración do público, o privado, o coñecemento e a sociedade en xeral



7_2 Eixos estratégicos

- **Talento**

Desenvolver, aproveitar e recoñecer o talento das persoas do territorio e de fora del para encamiñar un futuro sostible, económica, social e medioambientalmente, respectuoso coa identidade, a través da participación, a implicación profesional e as decisións políticas

- **Gobernanza**

Desenvolver redes e ferramentas de colaboración e participación en materia de desenvolvemento territorial que creen sinerxias entre entes públicos , empresariado, asociacións, centros de coñecemento e a sociedade en xeral, con especial énfase no papel das axencias de Desenvolvemento Local

- **Reactivación da economía e do emprego**

Reactivar e consolidar a actividade empresarial e o emprego, facilitando a reconversión dos negocios para que se adapten ao novo paradigma . E elaboración de plans específicos para os sectores consolidados e con potencial de futuro.

- **Consumo e comercio de proximidade**

Potenciar o consumo interior facilitando a comercialización de produtos e servizos producidos, creados e subministrados polas empresas locais, a través da concienciación, a creación ou redefinición de espazos e plataformas on line

- **Posta en valor do rural**

Valorizar o rural como espazo para o asentamento de persoas e de empresas e para o desenvolvemento de actividades diversas, e tamén para a xeración de rendas complementarias (madeira, enerxía, biomasa, alugueres)

7_3 Liñas de acción

7_3_1 Talento

Obxectivos específicos

- 1_ Desenvolver capacidades, habilidades e actitudes en empresariado, recursos humanos e sociedade en xeral adaptadas ás necesidades do territorio e á súa proxección futura, respectando a identidade do territorio e os principios do desenvolvemento sostible.
- 2_ Aproveitar o coñecemento de persoas do territorio e de fora del que poida contribuír ao desenvolvemento das accións do plan.
- 3_ Recoñecer o talento de persoas nos campos empresarial, social, científico ou formativo que contribúa ao desenvolvemento do plan.
- 4_ Crear unha contorna que favoreza a creatividade, a innovación e a intelixencia territorial.
- 5_ Poñer en valor os know-how do territorio (saberes, relacións, coñecemento do medio, etc.)

Liñas de accións propostas

- 1_ Programa formativo para empresariado e recursos humanos organizado territorialmente e por sectores, áreas de coñecemento e capacitación (comercio on line, novos canles de distribución e comercialización, produción, prestación de servizos, recursos do territorio...)
- 2_ Programa formativo para técnicos municipais relacionados co desenvolvemento local
- 3_ Programa de formación ocupacional, habilitando as instalacións necesarias.
- 4_ Espazos , redes, foros e talleres de creatividade e de co-creación.
- 5_ Laboratorios de emprendemento empresarial e social
- 6_ Banco de ideas e boas prácticas e de material divulgativo de interese para o territorio
- 7_ Programa de fomento da cultura emprendedora
- 8_ Programas de fomento da innovación empresarial, con especial atención á reconversión dos negocios adaptándoos ao novo paradigma (titorías de empresas, colaboracións, etc.)
- 9_ Prácticas laborais para estudantes
- 10_ Premios e recoñecementos públicos a persoas con talento
- 11_ Actividades dinamizadoras en materia de desenvolvemento do talento para a infancia e a xuventude, en colaboración coas instancias educativas e os departamentos municipais específicos.
- 12_ Foros de debate e intercambio co asociacionismo local.

- 13_ Feira (presencial ou virtual) de asociacións.
- 14_ Medios de comunicación. Patrocinio de espazos dedicados ao talento e ao coñecemento

7_3_2 Gobernanza

Obxectivos específicos

- 1_ Potenciar o papel das Axencias de Desenvolvemento Local como instrumentos para impulsar a gobernanza.
- 2_ Fomentar a gobernanza horizontal con responsables de programas en diferentes administracións a nivel provincial, autonómico, estatal, europeo e internacional.
- 3_ Fomentar a gobernanza territorial involucrando á administración pública, ao sector privado, ás institucións relacionadas co coñecemento e á sociedade en xeral
- 4_ Resolver conflitos e desenvolver consensos sobre as accións encamiñadas ao desenvolvemento local.
- 5_ Consolidar os plans locais a través do impulso do conxunto de axentes, sen que afecten os cambios políticos.
- 6_ Ter a disposición a información dos diferentes actores locais nun mesmo espazo.
- 7_ Impulsar o desenvolvemento deste plan de acción a través da implicación dos axentes locais

Liñas de accións propostas

- 1_ Mellora do funcionamento e dotación das Axencias de Desenvolvemento Local: persoal administrativo, partidas orzamentarias para actividades complementarias, equipamento informático e de telecomunicacións, traballo en rede, facilidade para acceder a información de diferentes administracións, presenza destacada na web municipal,...
- 2_ Bases de datos de empresas e outros axentes locais e ferramentas TIC para facilitar a intercomunicación.
- 3_ Rexistros municipais de asociacións.
- 4_ Mesas sectoriais e redes de colaboración co empresariado, o asociacionismo e a sociedade en xeral.
- 5_ Observatorio de desenvolvemento local, accesible desde todas as webs municipais.
- 6_ Espazo en todas as webs dos concellos para as accións do plan.
- 7_ Banco de recursos do/para o territorio, accesible desde todas as webs municipais.
- 8_ Adhesión ao Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía e traballo conxunto.
- 9_ Redes municipais de colaboración entre representantes políticos e técnicos.
- 10_ Redes de colaboración entre administracións que operan no territorio.
- 11_ Redefinición do funcionamento da CMAT, para a xestión do destino turístico Costa da Morte.

7_3_3 Reactivación da actividade económica e do emprego

Obxectivos específicos

- 1_ Apoiar ás empresas máis afectadas polo estado de alarma e facilitar a reconversión empresarial ante a nova situación.
- 2_ Promover as actividades esenciais da economía local.
- 3_ Promover a actividade turística potenciando a seguridade sanitaria do destino.
- 4_ Crear infraestruturas e idear programas de axudas que faciliten o emprendemento e o asentamento de empresas.
- 5_ Consolidar as actividades económicas vinculadas ao sector primario.
- 6_ Mellorar a xestión pública nos servizos relacionados co emprendemento e a actividade empresarial.
- 7_ Facilitar o recrutamento de persoal

Liñas de accións propostas

- 1_ Bolsa de emprego para a zona, de utilidade para empregadores e demandantes.
- 2_ Axudas á contratación de persoal en empresas de actividades estratéxicas para o territorio ou que lanzan novos produtos, servizos ou procesos ou se reconverten.
- 3_ Infraestruturas para o emprendemento e asentamento de empresas: parques empresariais, viveiros, espazos de co-working, empregando tamén edificios municipais infrautilizados.
- 4_ Ferramentas e procesos para acortar prazos e tramitacións burocráticas, sobre todo en materia de urbanismo.
- 5_ Servizos técnicos municipais de apoio a empresas e demandantes de emprego.
- 6_ Liñas de axuda inmediatas ás empresas que tiveron que pechar durante o estado de alarma, con compromisos de continuidade.
- 7_ Liñas de axuda para a reconversión de empresas ante o novo paradigma, con compromiso de continuidade.
- 8_ Liñas de axuda á industria baseada nos recursos endóxenos.
- 9_ Adaptación de espazos públicos ao desenvolvemento de actividades comerciais e de hostalería.
- 10_ Programa de axudas para impulsar o valor engadido no sector pesqueiro e marisqueiro e no sector agro-gandeiro e forestal.
- 11_ Impulso do banco de terras ou fórmulas que permitan o uso de terras en desuso.
- 12_ Programa de promoción turística: Costa da Morte, destino seguro e libre de COVID-19, en colaboración coa CMAT, Deputación e Xunta
- 13_ Adaptación e reforzo dos servizos turísticos municipais (información, comunicación, sinalización, actividades) ás novas circunstancias e redeseño de festas e feiras.

- 14_ Programa de desenvolvemento dos xacementos de emprego relacionados coa atención ás persoas, o tratamento de residuos ,creación de enerxías renovables, o cambio climático e a economía circular.

7_3_4 Consumo e comercio de proximidade

Obxectivos específicos

- 1_ Promover o consumo interior de produtos e servizos da zona
- 2_ Dar a coñecer a produción local
- 3_ Crear espazos, servizos e ferramentas que faciliten a venda e consumo de excedentes agrarios
- 4_ Crear canles de comercialización e venda dos produtos e servizos da zona on e off line.
- 5_ Concienciar á poboación de diferentes idades e colectivos sobre a importancia para o territorio do consumo de produtos locais.

Liñas de acción propostas

- 1_ Calendario de feiras, mercados e mercadillos e outras celebracións con espazos de venda ambulante para produtos do territorio, dispoñible nas webs de todos os concellos.
- 2_ Inventario de espazos permanentes de venda de produtos locais : prazas de abastos, tendas, espazos de exposición.
- 3_ Campaña "Posto na mesa", para que os centros públicos que preparan comidas na zona empreguen produtos locais (colexios, hospital, centros de maiores, etc.).
- 4_ Campañas de promoción de produtos e servizos locais (bonos de venta anticipada, descontos a grupos de consumo, listados, redes sociais, presentacións de produtos, visitas a empresas, conversas con produtores locais, etc.)
- 5_ Plataforma de promoción e comercialización on line para a Costa da Morte.
- 6_ Impulso de grupos de consumo e do servizo a domicilio.
- 7_ Feiras on line para a promoción e venda dos produtos locais con servizo de entrega a domicilio.
- 8_ Reconversión de espazos públicos, en concertación con produtores locais, para crear espazos de venda.
- 9_ Impulso de "restaurantes km0"
- 10_ Xornadas gastronómicas e celebracións baseadas en produtos locais
- 11_ Impulso á creación dunha lonxa comarcal de produtos da zona.
- 12_ Aulas de cociña e obradoiros para diferentes idades con produtos da zona (preparacións tradicionais, marmelos, métodos de conservación).

7_3_5 Posta en valor do rural

Obxectivos específicos

- Favorecer o retorno ao rural de persoas que teñen raíces na zona principalmente.
- Impulsar o uso de vivendas, edificios e terreos facendo visible a oferta a través de directorios e plataformas, on e off line.
- Promover a identidade rural da zona.
- Eliminar as barreiras ao asentamento no rural
- Impulsar novos usos do rural compatibles coa sustentabilidade do territorio e o respecto á súa identidade.
- Redefinir un medio rural no territorio adaptado ao cambio climático.

Liñas de acción propostas

- 1_ Demanda de cobertura de internet de banda ancha en todo o territorio a través de mocións dos plenos e de plataformas da cidadanía.
- 2_ Servizos básicos de abastecemento de auga, recollida e tratamento de lixo, calidade no abastecemento enerxético, limpeza de espazos públicos, etc. en todo o territorio.
- 3_ Demanda da reformulación das normativas en materia de urbanismo e licencias sectoriais (Patrimonio, Augas de Galicia, Costas) para facilitar adaptación de vivendas e espazos a novos usos do rural desde unha perspectiva de sustentabilidade e respecto á identidade do territorio.
- 4_ Programas de axudas á restauración, compra e aluguer de vivenda rural.
- 5_ Instalacións e servizos de atención ás persoas maiores no rural: centros de día en escolas, vivendas comunitarias, casas niño, SAF, servizos a domicilio, apoios para xestións.
- 6_ Instalacións, servizos e actividades no rural de carácter cultural, deportivo, de lecer e desenvolvemento persoal.
- 7_ Programa de adaptación ao cambio climático,; loita contra pragas, abastecemento de auga, flora e fauna, instalacións ailladas termicamente, espazos con sombras, etc.).

7_4 Cadros resumo das liñas de acción

1. Talento	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Programa formativo para empresariado e recursos humanos organizado territorialmente	Aulas Cemit. Programas de formación para empresas	Concellos	AEDLs. Aulas Cemit. Asocs. Empresariais. Deputación. Xunta
2) Programa formativo para técnicos municipais relacionados co desenvolvemento local	Programas específicos de formación	Concellos	Deputación. Igape. C. Economía. Fegamp. Egap. Afiprodel
3) Programa de formación ocupacional, habilitando as instalacións necesarias.	Plan AFD. Programas de obradoiros. Plans de garantía xuvenil	Concellos	Xunta
4) Espazos , redes, foros e talleres de creatividade e de co-creación.		Concellos. Colectivos empresariais	AEDLs. Empresariado. Colectivos empresariais
5) Laboratorios de emprendemento empresarial e social		Concellos. Colectivos empresariais	AEDLs. Empresariado. Colectivos empresariais
6) Banco de ideas e boas prácticas e de material divulgativo de interese para o territorio		Concellos. Colectivos empresariais	AEDLs. Empresariado. Colectivos empresariais
7) Programa de fomento da cultura emprendedora		Concellos	AEDLs. Centros formativos.
8) Programas de fomento da innovación empresarial e reconversión		Empresas.	EOI. AEDLs. Concellos.
9) Prácticas laborais para estudantes			
10) Premios e recoñecementos públicos a persoas con talento	Municipal	Concellos	Asociacionismo. Empresariado
11) Actividades dinamizadoras en materia de desenvolvemento do talento para a infancia e a xuventude	Municipal	Concellos	Depart. Cultura. Asociacionismo.
12) Foros de debate e intercambio co asociacionismo local.	Municipal	Concellos	AEDLs. Depart. Cultura. Asociacións.
13) Feira (presencial ou virtual) de asociacións.	Municipal. GDR. GALP	Concellos. GDR. GALP	Asociacións

14) Medios de comunicación. Patrocinio de espazos dedicados ao talento e ao coñecemento	Municipal	Concellos. Medios de comunicación	
---	-----------	-----------------------------------	--

2. Gobernanza	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Axencias de Desenvolvemento Local	Concellos. Xunta. Deputación	Concello	Persoal das ADL
2) Bases de datos de empresas e outros axentes locais e ferramentas TIC para facilitar a intercomunicación.	Concellos. Aulas Cemit	Concello	Aulas Cemit
3) Rexistros municipais de asociacións.	Concellos	Concello	
4) Mesas sectoriais e redes de colaboración co empresariado, o asociacionismo e a sociedade en xeral.	Concello	Concello	Empresariado. Asociacións. Líderes sociais. AEDLs e outros dptos municipais
5) Observatorio de desenvolvemento local, accesible desde todas as webs municipais.	Concello. Deputación. Xunta	Concello. Deputación. Xunta	AEDLs
6) Espazo en todas as webs dos concellos para as accións do plan.	Concello	Concello	AEDLS. Áreas de informática
7) Banco de recursos do/para o territorio, accesible desde todas as webs municipais.	Concello	Concello	AEDLS. Áreas de informática
8) Adhesión ao Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía e traballo conxunto.		Concello	
9) Redes municipais de colaboración entre representantes políticos e técnicos.	Concello	Concello	AEDLS. Áreas de informática
10) Redes de colaboración entre administracións que operan no territorio.	Concellos	Concello	Representantes no territorio de administracións
11) Redefinición do funcionamento da CMAT, para a xestión do destino turístico Costa da Morte.	Concellos	Concellos do xeodestino	AEDLS. Áreas de Turismo. CMAT. APTCM. Empresariado.

3. Reactivación da actividade económica e do emprego	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Bolsa de emprego para a zona, de utilidade para empregadores e demandantes.		Concellos. Fecom	Orientadores laborais. AEDLs. Bolsas de emprego municipais. Empregadores
2) Axudas á contratación de persoal en empresas de actividades estratéxicas para o territorio ou que lanzan novos produtos, servizos ou procesos ou se reconverten.	A estudar	Concellos	Deputación Provincial. Xunta de Galicia. Goberno Central.
3) Infraestruturas para o emprendemento e asentamento de empresas: parques empresariais, viveiros, espazos de co-working, empregando tamén edificios municipais infrautilizados.	A estudar	Concellos	Deputación Provincial. Xunta de Galicia. Goberno Central.
4) Ferramentas e procesos para acortar prazos e tramitacións burocráticas, sobre todo en materia de urbanismo.		Concellos	Dptos. Urbanismo. Fegamp. Asesoría da Deputación. Xunta de Galicia
5) Servizos técnicos municipais de apoio a empresas e demandantes de emprego.	A estudar	Concellos	AEDLs e servizos complementarios
6) Liñas de axuda inmediatas ás empresas que tiveron que pechar durante o estado de alarma, con compromisos de continuidade.	Concellos e outras armóns.	Concellos	Empresariado. AEDLs
7) Liñas de axuda para a reconversión de empresas ante o novo paradigma,	Concellos e outras armóns.	Concellos	Empresariado. AEDLs

con compromiso de continuidade.			
8) Liñas de axuda á industria baseada nos recursos endóxenos.	GDR. Golpes. Xunta. Deputación	Empresariado	AEDLs
9) Adaptación de espazos públicos ao desenvolvemento de actividades comerciais e de hostalería.	Concellos	Concellos	Empresariado
10) Programa de axudas para impulsar o valor engadido no sector pesqueiro e marisqueiro e no sector agro-gandeiro e forestal.	GDR. Golpes. Xunta. Deputación	Empresariado	AEDLs
11) Impulso do banco de terras ou fórmulas que permitan o uso de terras en desuso.	Xunta e outras	Concellos	Empresariado. Propietarios de terras.
12) Programa de promoción turística: Costa da Morte, destino seguro e libre de COVID-19, en colaboración coa CMAT, Deputación e Xunta	Deputación, Xunta	CMAT. Concellos. Asociacións	Empresariado. Informadores turísticos. AEDLs
13) Adaptación e reforzo dos servizos turísticos municipais (información, comunicación, sinalización, actividades) ás novas circunstancias e redeseño de festas e feiras.	Concello e outras entidades	Concellos	Empresariado. Organizadores de eventos. Feirantes
14) Programa de desenvolvemento dos xacementos de emprego relacionados coa atención ás persoas, o tratamento de residuos, creación de enerxías renovables, o cambio climático e a economía circular.	Concellos	Concellos	Servizos sociais. AEDLs. Empresas de servizos. Sociedade en xeral

4. Consumo e comercio de proximidade	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Calendario de feiras, mercados e mercadillos e outras celebracións con espazos de venta ambulante para produtos do territorio, dispoñible nas webs de todos os concellos.	Concellos	Concellos	AEDLs
2) Inventario de espazos permanentes de venta de produtos locais : prazas de abastos, tendas, espazos de exposición.	Concellos	Concellos	AEDLs
3) Campaña “Posto na mesa”, para que os centros públicos que preparan comidas na zona empreguen produtos locais (colexios, hospital, centros de maiores, etc.).	GDR. Golpes	GDR. GALP. Concellos.	AEDLs. Comedores públicos. Produtores. Comercializadores. Industria alimentaria
4) Campañas de promoción de produtos e servizos locais (bonos de venta anticipada, descontos a grupos de consumo, listados, redes sociais, presentacións de produtos, visitas a empresas, conversas con produtores locais, etc.)	Concellos e outras vías	Concellos e colectivos empresariais	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
5) Plataforma de promoción e comercialización on line para a Costa da Morte.	Concellos, empresas e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
6) Impulso de grupos de consumo e do servizo a domicilio.	Concellos e outras vías	Concellos e grupos de consumidores	Sociedade en xeral. Asociacións
7) Feiras on line para a promoción e venta dos produtos locais con servizo de entrega a domicilio.	Concellos e outras vías	Concellos e grupos de consumidores	Sociedade en xeral. Asociacións
8) Reconversión de espazos públicos, en concertación con	Concellos	Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións

produtores locais, para crear espazos de venta.			
9) Impulso de "restaurantes km0"	Concellos e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
10) Xornadas gastronómicas e celebracións baseadas en produtos locais	Concellos e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
11) Impulso á creación dunha lonxa comarcal de produtos da zona.	Concellos e outras vías	Empresariado. Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións
12) Aulas de cociña e obradoiros para diferentes idades con produtos da zona (preparacións tradicionais, marmelos, métodos de conservación).	Concellos e outras vías	Concellos	Empresariado. Sociedade en xeral. Asociacións

5. Posta en valor do rural	Vías de financiación	Axente impulsor	Axentes implicados
1) Demanda de cobertura de internet de banda ancha en todo o territorio a través de mocións dos plenos e de plataformas da cidadanía.	Realizar demanda	Goberno Central. Xunta de Galicia. Compañías.	
2) Servizos básicos de abastecemento de auga, recollida e tratamento de lixo, calidade no abastecemento enerxético, limpeza de espazos públicos, etc. en todo o territorio.	Concellos	Concellos	Compañías de abastecemento de enerxía
3) Demanda da reformulación das normativas en materia de urbanismo e licencias sectoriais (Patrimonio, Augas de Galicia, Costas) para facilitar adaptación de	Realizar demanda	Concellos. Fegamp	

vivendas e espazos a novos usos do rural desde unha perspectiva de sustentabilidade e respecto á identidade do territorio.			
4) Programas de axudas á restauración, compra e aluguer de vivenda rural.	Realizar demanda	Goberno Central. Xunta de Galicia.	Propietarios de vivenda. Cidadanía en xeral
5) Instalacións e servizos de atención ás persoas maiores no rural: centros de día en escolas, vivendas comunitarias, casas niño, SAF, servizos a domicilio, apoios para xestións.	Concellos e outros programas de axuda	Concellos	Cidadanía en xeral
6) Instalacións, servizos e actividades no rural de carácter cultural, deportivo, de lecer e desenvolvemento persoal.	Concellos e outros programas de axuda	Concellos. Emprendedores. Empresariado	Cidadanía en xeral
7) Programa de adaptación ao cambio climático,: loita contra pragas, abastecemento de auga, flora e fauna, instalacións ailladas termicamente, espazos con sombras, etc.).	Concellos e outros programas de axuda	Concellos	Cidadanía en xeral

7_5 Desenvolvemento detallado de algunhas accións

Selecciónanse a continuación varias accións para desenvolver máis polo miúdo dado o interese amosado polos diferentes grupos consultados.

Nome da acción	Axudas directas ao tecido empresarial local afectado polo COVID-19
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos

<p>Obxectivos específicos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a liquidez das empresas locais que pecharon por ser non esenciais polo COVID-19 • Reducir gastos as empresas mediante a eliminación dalgunhas taxas municipais para apoiarás empresas de hostalería e restauración. • Proporcionar ás empresas artigos/equipos para reforzar a seguridade en cesión temporal ou definitiva contra o Covid-19 na fase de reapertura • Artellar unha imaxe común con elementos identitarios da campaña (bolsas reciclaxe, elementos para levar comida dos restaurantes e bares...)
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CONVOCATORIA DE AXUDAS LOCAIS. Convocatoria de axudas para autónomos/as con enderezo fiscal no municipio (en alta ou cese de actividade por Covid-19. Con compromiso de permanencia e participación en actividades. Para gastos xustificadas relacionados con taxas municipais, servizos xestoría local durante Covid, materiais para a desinfección, equipos informáticos e Tics. • BANCO MUNICIPAL DE RECURSOS PARA A SEGURIDADE. Disposición para uso do tecido empresarial de dispensadores, material, produtos, cámaras, máquinas de ozono... • seguir as recomendacións expertos e necesidades. Pode incluírse bolsas reciclaxe e elementos para empaquetado de comida e outros cunha imaxe común... • SUSPENSIONES DE TAXAS E ADAPTACIÓNS DE ESPAZOS. Suspensións de taxas e terrazas, solicitude dos Concellos para suspensións de taxas non locais. Peatonalizacións de espazos para incrementar zonas de consumo seguro, control de persoas en actividades culturais e dinamización comercial...
<p>Temporalización</p>	<p>Curto prazo. 1 mes</p>
<p>Fontes de financiamento</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Partidas orzamentarias propias dos concellos (fondos transferidos doutras administración)
<p>Axentes implicados</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e sector • Empresas distribuidoras de artigos para Banco Local, directrices sobre seguridade de expertos
<p>Metodoloxías</p>	<ul style="list-style-type: none"> • MESAS DE TRABAJO E CONCERTACION. Xuntanzas previas co sectores locais para determinar necesidades máis urxentes non subvencionadas por outras administración, necesidades de elementos de seguridade e medidas sobre os espazos locais exteriores • CONVOCATORIA. Elaboración e proposta de convocatoria de axudas adaptada ás necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, artellamento de procesos...

	<ul style="list-style-type: none"> • COMPRA DE FONDOS ARTIGOS PARA BANCO LOCAL. Acordos para compra de artigos para banco de recursos. Sistemas de adquisición conxunta para abaratar custes e garantir efectividade... • NORMAS. Normas de funcionamento e cesións de artigos do banco local, artellar procesos • Sistema de divulgación, promoción da actividade • AVALIACION de resultados
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de empresas participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • Convocatorias publicada e participantes no Banco Local • Orzamento aplicado a estas medidas • N° empresas que manteñen en 6 meses. • Guía de funcionamento do Banco Local de artigos • N° de espazos

Nome da acción	Plataforma de venda on line e a domicilio das empresas locais
Eixo estratéxico da liña de acción	Reactivación de sectores económicos
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a posta en funcionamento dunha plataforma conxunta de venda on line e a domicilio dos produtos e servizos ofrecidos polas empresas con dirección fiscal no Concello • Formar ao tecido empresarial en todos os campos relacionados coa venda on line na plataforma • Reducir custes ás empresas no lanzamento das súas tendas on line • Organizar a distribución a domicilio en canle curto e longo mediante concertación conxunta de servizos de mensaxería ou similar • Realizar campaña de promoción da plataforma • Artellar compromisos e custes de mantementos a medio e longo prazo por parte das empresas participantes • Artellar a longo prazo sistemas de venda conxunta física en diferentes puntos e feiras (tendas de promoción efímeras, concertos con outros axentes...) • Promover sinerxías colaborativas entre as empresas participantes
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • CONTACTO E PROPOSTAS DE MODELOS. Contactar con empresas especializadas e boas prácticas que orienten posible deseño de plataforma e funcionamento. • MESA DE TRABALLO. Para captar participantes, necesidades, avaliación e adaptación de modelo de plataforma.

	<ul style="list-style-type: none"> • DESEÑO DE PLATAFORMA E PLAN FORMATIVO • Execución de plataforma e establecemento de canles, distribución e plan de marketing e comercialización • Posta en marcha e avaliación de resultados
Temporalización	Curto prazo. 1 mes
Fontes de financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e empresas • Liñas de axuda da Xunta para venda on line comercio • Liñas de axuda da deputación e convenios de colaboración • Asociacións de empresariado e comerciante • Empresas de deseño de plataformas de comercio on line e distribución-mensaxería-paquetería (negociación conxunta de condicións con redución de custes)
Axentes implicados	<ul style="list-style-type: none"> • Concello e sector • Asociacións, Xunta e Deputación • Empresas especializadas
Metodoloxías	<ul style="list-style-type: none"> • Mesas de traballo e acordos entre concellos e tecido empresarial • Revisión e preparación de proxectos para acceder a liñas de axudas • Deseño colaborativo para realización de plataforma e plan de formación e marketing • Técnicas de negociación e organización
Indicadores de resultados	<ul style="list-style-type: none"> • N° de empresas participantes nas actividades • Documento con acordos e directrices da mesa de traballo • N° de axudas solicitadas para empresas participantes • Orzamentos municipal e privados aplicado a estas medidas • N° vendas realizadas-facturación en 6 meses • N° de actuacións replicadas no monte privado • Guía de funcionamento e participación na plataforma. Convenio e acordo coas empresas participantes • N° postos de traballo creados en tarefas de reparto, mensaxería etc.

Nome da acción	Rede de mercados e mercadillos costa da morte
Eixo estratéxico da liña de acción	Posta en valor do rural
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> • Constituír unha rede de colaboración, mellora e visibilización dos mercados e mercadillos agropecuarios da Costa da Morte, potenciando as propostas agroecolóxicas e a marca Costa da Morte Terra Atlántica promovida polo DR Costa da Morte

	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a seguridade e soberanía agroalimentaria do territorio. • Incrementar os beneficios dos e das produtoras e canles de comercialización en curto no territorio. Presencial e a domicilio. • Fornecer a cultura e valor dos produtos locais e desenvolver as variedades autóctonas • Reforzar o compromiso e relación entre os consumidores y produtores locais • Mellorar os espazos físicos e a promoción de mercados e mercadillos agroalimentarios cumprindo as normas de prevención COVID-19 • Favorecer novas iniciativas da industria artesanal vinculada a produtos locais. • Mellorar a cualificación e formación dos produtores e vendedores en mercados e mercadillos, impulsando as sinerxías colaborativas entre eles e outros sectores (comercio, turismo...)
